

Nº 178 • 10 €  
Xaneiro-Xuño 2018

TERRA  
E  
TEMPO

Revista galega de  
pensamento nacionalista

María Pilar García Negro  
Francisco Rodríguez Sánchez



**Un libro pioneiro:  
*Doutrina Nacionalista,*  
de Ramón Vilar Ponte**





Na memoria de Bautista Álvarez

## Terra e Tempo

Publicación impresa editada desde 1965

Edita

© Fundación Terra e Tempo  
de Estudos Nacionalistas

Clasificada de Interese Cultural pola Xunta de Galiza (DOG 19/10/2004) e inscrita no Rexistro Único de Fundacións de Interese Galego co número 2004/20. Código de Identificación Fiscal (CIF): G15947450

Redacción, publicidade e subscricións

Avenida de Lugo, 219, 1.º  
15703 - Compostela - Galiza  
Teléfono 981 57 02 65  
fundacion@terraetempo.gal  
www.terraetempo.gal

ISSN 1575-5509

Depósito Legal C 1361-1995

Documentación gráfica

María Pilar García Negro  
Xosé Ramón Ermida Meilán  
Parlamento de Galiza (Fernando Negueruela)  
Consello da Cultura Galega

Deseño da cabeceira

Xosé Lois Vázquez

Deseño e maquetación

Diego Núñez

Fecha de edición

12 de xuño de 2018

Tiraxe: 1 000 exemplares

Impreso na Galiza

A Fundación recibiu unha axuda da Deputación da Coruña na convocatoria de 2018 para a edición deste libro



Padroado da Fundación

Roberto Vilameá Ponte (Presidente)

Alberte Mera García (Secretario)

Xosé Carlos Solla Lago (Tesoureiro)

Xosé Manuel Casal Sabín

Rubén Cela Díaz

Xoán Xosé Costa Casas

Marta Dacosta Alonso

María do Carme García Negro

María Pilar García Negro

Xoán Carlos Garrido Couceiro

Montserrat Nóvoa Gómez

Mónica Pazos Martínez

Néstor Rego Candamil

Branca Rodríguez Pazos

Consello asesor da revista *Terra e Tempo*

Prof. Dou. Fernando Adolfo de Abel Vilela  
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. Xosé Manuel Carril Vázquez  
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Uxío Breogán Diéguez Cequiel  
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. M.<sup>a</sup> do Carme García Negro  
(Universidade de Santiago de Compostela)

Prof. Dou. M.<sup>a</sup> Pilar García Negro  
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Robert Neal Baxter  
(Universidade de Vigo)

Prof. Dou. M.<sup>a</sup> Antonia Pérez Rodríguez  
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Francisco Rodríguez Sánchez  
(I.E.S. Canido)

Prof. Dou. Xosé Manuel Sánchez Rei  
(Universidade da Coruña)

Prof. Dou. Manuel Soto Castiñeira  
(Universidade da Coruña)

Prof. Bernardo Valdés Paços  
(Universidade de Santiago de Compostela)

## Presentación

# A vixencia de Ramón Vilar Ponte, «mestre de entusiasmo galego»

No 16 de Xuño de 1951, Ramón Vilar Ponte ingresa na Real Academia Galega cun discurso titulado «A Xeración do 16». Condicionara a súa pertenza formalizada a esta institución á utilización da lingua galega no seu discurso, e este uso público do idioma vai unido a unha rotunda reivindicación do nacionalismo galego de pre-guerra que el mesmamente servira con toda a dedicación. Como é lóxico, en plena posguerra e sob o peso de total censura, doce anos despois do desenlace coñecido da guerra civil española, esta estratexia de exteriorización e defensa da Galiza, da súa historia recente e do valor da auto-organización, ha de se valer dunha táctica de aproximación cultural que se centre na excelencia do labor artístico e literario de personalidades fundamentais das Irmandades da Fala, movemento que nuclea a xeración que el nomea co ano fundacional, 1916, das mesmas (téñase en conta que a mesma escolla da «xeración» está a singularizar de modo específico a historia da Galiza, nun tempo de invención-mitificación da «Generación del 98» e da «Generación del 27» por parte da historiografía española). Todos os autores mencionados no discurso –desde Antón, seu irmán, até Castelao, pasando por Luguís Freire, Lousada Diéguez, Lois Porteiro Garea, Xaime Quintanilla, Xoán Vicente Viqueira, Roberto Blanco Torres, Manuel Antonio ou Luís Amado Carballo– van aparecer unidos a obras senlleiras deste segundo renacemento da cultura galega: *A Nosa Terra*, o Seminario de Estudos Galegos, o «Conservatorio do Teatro Galego», a revista *Nós* e outras empresas culturais ou o xornal *Galicia*. Os integrantes do elenco por

el citado, na súa inmensa maioría, xa faleceran (varios deles fusilados na mesma guerra), así que a ditadura española mal podía encarceralos ou matalos. Si podía ferir, sepultar ou aqueloutrar a súa memoria, e isto é xustamente o que este discurso de Ramón Vilar Ponte vai conxurar. É, por tanto, esta, unha peza escrita para nós, para o futuro que debería lembrar a dignísima historia que protagonizaran, e Ramón con eles. Dous anos despois, o 14 Setembro de 1953, el propio morrería na Coruña, non sen antes ter padecido a malleira física de elementos falangistas, cuxa acción non é aventurado pensar que fose castigo directo vinculado ao uso do galego no discurso que citámos e, naturalmente, a todo o seu labor como nacionalista galego. Discurso que cobra, á luz desta cronoloxía, un indubitábel carácter testamentar.


O seu primeiro parágrafo, na protocolar *captatio benevolentiae*, ten un aquel de autobiográfico que resume ben a súa personalidade. Paga a pena relebrármolo:

Señores académicos:

Soamente un mérito puidestes achar en min para traerme a esta xuntanza ilustre, que constitúe o máis valioso laboratorio cultural da nosa terra. Tal mérito, que máis que mérito supón un deber ineludíbel en todo galego, é este amor fondo, sentido, cordial, que en todo intre moveu as accións da miña vida para proceder en consecuencia, o que determinou que un día o malogrado poeta, tan noso, Luís Amado Carballo, puxese na primeira plana dun exemplar do seu belido libro de poesías *Proel*, a min dedicado, unhas liñas agarimosas

aínda que quizais hiperbólicas, nas que me chama «mestre de entusiasmo galego». Porque iso si. Poderá o que eu levo feito e escrito ter pouso en ningún valor; poderá ser máis ou menos estimábel. Mais o que ninguén me poderá negar é que todo, absolutamente todo canto eu fixen ou sigo facendo, se acha ateigado dun amor a Galiza, dun interese por Galiza, que calquera poderá igualar, pero nunca superar.

Así se definía Ramón Vilar Ponte trinta anos despois da publicación dun libro senlleiro, realmente auroral no corpus teórico-doutrinal do nacionalismo galego: *Doutrina nacionalista*, editado en Ferrol en 1921, aínda que xestado no tempo inmediatamente posterior ao desenlace da primeira guerra mundial. A súa publicación neste número de *Terra e Tempo* quer ser o noso contributo para a debida celebración do centenario da I Asemblea Nacionalista celebrada en Lugo en Novembro de 1918. Mais, para alén da efeméride, tal volume é imprescindible por sentar as bases do nacionalismo galego moderno e constitúe en por si un manancial de modernidade galega, cun evidente carácter definidor, apoloxético e pedagóxico, como revela o formato de preguntas e respostas escollido polo autor, ao xeito dos catecismos laicos e políticos que coñecera o século XIX (do socialista, do anarquista...) e que, entre nós, conta cun antecedente tan significativo como o *Catecismo do labrego* (1888) de Valentín Lamas Carvajal. Acompañámolo dun esclarecedor estudo do investigador e escritor Francisco Rodríguez, que dá conta non só das súas claves interpretativas senón que o trae á actualidade



dos nosos días. Neste sentido, non deixa de ser revelador que a *Doutrina nacionalista* estexa precedida polo prólogo de Puig i Cadafalch, na altura presidente da Mancomunidad de Municipios Cataláns, xerme activo do autogoberno desta nación, moi logo reprimido pola inminente ditadura primorriverista. Até nesta dimensión cobra actualidade un texto como o que aquí reproducimos, cando o Estado español e todas as súas axencias, extensións, cómplices e servidores mediáticos están a amosar as cartas reais da súa natureza totalitaria e anti-democrática e da súa saña españolista.

O valor, en fin, de *Doutrina nacionalista*, vai máis aló do resgate da nosa propia historia. Constitúe un auténtico manual das razóns que explican a necesariedade do nacionalismo galego e a radical defensa do patriotismo galego como garante da existencia libre e digna do pobo galego en relación de igualdade e paz con todos os povos do mundo.

María Pilar García Negro



**FRANCISCO RODRÍGUEZ SÁNCHEZ**

Filólogo e ensaísta

► Foto de fin de carreira de Ramón Vilar Ponte en Madrid (España), 1916

## O antiimperialismo, eixo vertebrador do pensamento nacionalista de Ramón Vilar Ponte

Falando en termos rigorosos e normativos, podemos afirmar que o nacionalismo é a antítese do imperialismo e unha das condicións *sine qua non* do internacionalismo. Podíamos aludir a moitas experiencias históricas e conflitos recentes que testemuñan esta aseveración. No caso das nacións sen Estado, ás que en puridade habería que aplicar a expresión política nacionalista, temos o exemplo próximo de Catalunya, cun movemento, de ampla base popular, confrontado cos aparellos burocráticos e represivos dun Estado imperialista que nega a existencia do pobo catalán e o seu dereito a expresarse politicamente, evidenciando así o seu carácter opresivo e antidemocrático.



Cortesía de María Pilar García Negro

Mesmo é curioso que, en nacións con Estado, os gobernos que pretenden facer valer a súa soberanía na defensa dos seus intereses fronte aos poderes globais do imperialismo son catalogados de «nacionalistas». Tanto nun como noutro caso, os voceiros do imperialismo, que se vende como globalización, pretenden convencernos que son manifestacións dun tempo pasado, reaccións que van contra o progreso e a marcha da historia, inexplicábeis enfermidades colectivas que deben ser combatidas sen contemplacións. Podemos preguntarnos nós se as expresións nacionalistas son vestixios do pasado ou manifestacións dunha necesidade vital de moitos pobos nesta etapa histórica do capitalismo imperialista global. A análise do pensamento de Ramón Vilar Ponte, o escritor galego pioneiro do pensamento nacionalista, pode darnos a resposta. Digamos para comezar que as súas formulacións non están recoñecidas como deberan, malia seren un precedente inescusábel do pensamento de Castelao. Forma parte Ramón dun vizoso eido ensaístico, característico da literatura galega de entre as dúas grandes guerras, que conxuga unha

**«Podemos preguntarnos nós se as expresións nacionalistas son vestixios do pasado ou manifestacións dunha necesidade vital de moitos pobos nesta etapa histórica do capitalismo imperialista global»**

forte especificidade temática cunha interpretación de transcendencia universal. Aínda hoxe resulta un pensamento ideolóxico-político necesario para a acción social do nacionalismo.

### **O contexto histórico da obra de Ramón Vilar Ponte**

No discurso lido o día 16 de xuño de 1951, na recepción de Ramón Vilar Ponte na Real Academia Galega, editado n' A Coruña moito máis tarde, en 1977, intitulado «A xeración do 16», podemos ler:



Ramón Vilar Ponte de mozo

peculiares de cada Estado. E foron aquí, entre nós, os cataláns, como o foron decote, xa que xustiza é confesalo, os devanceiros das xerais arelas espertas nas vellas terras ibéricas (Blanco Echauri, García Negro, Sanmartín Rei, edit., 2006: 197).\*

Fala, pois, Ramón da xeración de 1916, a que protagoniza o Segundo Renacemento, xa pleno, da literatura e da cultura galega en xeral. Xorde no contexto dunha convulsión grave: a guerra de 1914-1918. Foi a isca que provocou o espertar do sono, do vexetar tristeiro, polo menos en minorías que sentiron o afán organizador e de acción social desde unha perspectiva galega. Significou o aboiar da conciencia de pobo e da votade política nunha sociedade que, para Castelao, parecía até entón ter só vontade de «pobo suicida». Tres imperios estaban a derrubarse ao remate da guerra inter-imperialista: o turco, o ruso e o austrohúngaro. Nacións do centro e do este da Europa logran constituírse en Estados independentes: Polonia, Finlandia, Letonia, Estonia e Lituania, Hungría, Bohemia, Romenia... A Paz de Versalles, 1919, e a doutrina Wilson a prol do dereito de autodeterminación, posibilitan a «primavera dos pobos». Non en balde a sublevación irlandesa de Pascua, en 1916, acabará na consecución do Estado libre de Irlanda en 1921, modelo que resultou suxestivo para Galiza como nación celta. A fin da guerra non significou, claro está, a desaparición do imperialismo. Iniciouse a supremacía dos USA no mundo, en

\* Todas as citacións realízanse pola edición de «Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte (Volume I)», a cargo de Xesús Blanco Echauri, María Pilar García Negro e Goretta Sanmartín Rei, Deputación Provincial de Lugo, 2006.

A Galiza andaba a vivir as xornadas monótonas despersonalizadoras do seu vexetar tristeiro, resignado e manso, cando o estalido brutal da primeira guerra europea veu a abalar ferozmente o universo enteiro, envorcando por cima dos homes mágoas, sufrimentos e aldraxes sen conto. Os catro xinetes apocalípticos cabalgaban por riba dos continentes arrepiados. A soberbia dos que cobizaban facer súa a terra enteira, apresándoa entre as súas poutas luxadas polo sangue, andaba xa a se esmorecer alá no ano 16, cando xorden as primeiras iniciativas para unha reconstrución mundial que, modernizando os estados e axeitando o proceso do seu vivir sobre principios biolóxicos e humanos que puidesen no sucesivo evitar a repetición de catástrofes cruentas como a que aínda latexaba daquela e na que xa ían sinalando os síntomas claros dun declive rápido e moi necesario.

Na España, como en todas as partes, o estrondo causado polo esnaquizamento dos vellos e gastados imperialismos achou o seu eco. Moitos xulgaron, e non sen razón, que era chegada a hora dunha readaptación á nova organización dentro dos moldes





Delegación das Irmandades da Fala de visita en Barcelona (Catalunya), 1917

De esquerda a dereita comezando pola fila de atrás: Leandro Pita Romeiro, Lois Porteiro Garea, Antón Vilar Ponte, Antón Lousada Diéguez, Ramón Vilar Ponte, Peña Novo, Rodrigo Sanz e Aurelio Ribalta

contraste e animadversión, apenas nunca superada, contra a revolución rusa (1917) e o seu paradigma socialista, e os movementos antiimperialistas en todos os continentes.

No caso galego, existía, ademais, unha base material autóctona, sobre a que as minorías concienciadas podían sustentar a necesidade da doutrina nacionalista e nas que baseaban as súas esperanzas: as clases traballadoras do campo, as maioritarias, envorcadas en grandes mobilizacións agrarias, entre 1909 e 1925, de especial virulencia no período da grande guerra. Lograron a propiedade plena da terra que traballaban. Porén, non foron o caldo de cultivo dun grande partido nacionalista. Fanouse o movemento agrarista politicamente ao estar vinculado a dirixentes, directa ou indirectamente, controlados desde partidos centralistas. Alén diso, unha inxenua e demagóxica despolitización matou a súa potencialidade. Previamente, na transición finisecular, asistimos á eliminación da posibilidade de conformación dunha clase burguesa dirixente a partir dalgúns sectores da fidalguía rural ou da burguesía mercantil e industrial,

**«Somos, en boa maneira, produto o nacionalismo actual do que se fixo durante o que se denominou Segundo Renacemento da nosa cultura, após un forte proceso de desnacionalización cultural, lingüística e psicosocial»**

fenómeno que, se non está estudado historicamente, late literariamente nas novelas en español de Blanco Amor (*La Catedral y el niño* e *Los Miedos*).

Aliás, entre 1916 e 1936, prodúcese o máis importante movemento vivido nunca na Galiza, no campo dos libros, da imprenta e das revistas, a prol da reivindicación da existencia da nosa especificidade cultural, artística, social, económica e lingüística, como nación. Os nomes de *A Nosa Terra*, *Nós*, *Logos*, *Galicia*, *El Pueblo Gallego*, *Céltiga*, entre outros moitos, son ilustrativos desta eclosión. Grande parte da produción ensaística e xornalística desta época segue a ser exemplar, didáctica, para esclarecer problemas de hoxe. O nacionalismo galego actual ten nela unha fonte de cavilación e de clarificación. Por suposto, seguimos sendo debedores dos seus contributos en moitos aspectos. Dista de ser un corpus literario ben coñecido e recoñecido. Somos, en boa maneira, produto o nacionalismo actual do que se fixo durante o que se denominou Segundo Renacemento da nosa cultura, após un forte proceso de desnacionalización cultural, lingüística e psicosocial levado a cabo desde a creación do Estado centralista e especialmente durante a Restauración en 1875, para a que, entre outros elementos simbólico-culturais, se recorreu á introdución planificada das touradas e do folclore andaluz.

A prosa didáctica, o ensaio desta época, o político en particular, foi desatendido e marxinado na historia da literatura galega tradicionalmente. Por vez primeira, foi debidamente analizado, avaliado e espallado, de forma que podemos entender mellor a dialéctica cultural e ideolóxica na Galiza, a través da *Historia da Literatura Galega*, publicada pola Asociación Pedagóxica Galega e A Nosa

**«Doutrina Nacionalista foi unha obra agochada e desprezada, descoñecida e marxinal, malia ser xenuína e significativa contribución precedente de discursos e actuacións posteriores»**

► Carné de afiliado ás Irmandades da Fala de Ramón Vilar Ponte

Terra, en 1996, concretamente no seu tomo II, capítulo 19, «A prosa política na época das Irmandades», e no tomo III, capítulo 26, «A prosa didáctica 1916-1936». Vaia xa por diante que a *Doutrina Nacionalista* (1921) de Ramón Vilar Ponte é unha consecuencia directa da convulsión ideolóxica provocada no nacionalismo galego pola primeira grande guerra. Non en balde foi unha obra agochada e desprezada, descoñecida e marxinal, malia ser xenuína e significativa contribución precedente de discursos e actuacións posteriores. Estamos, sen dúbida, perante o alicerce máis senlleiro na tradición do pensamento que vai conducir ao Castelao de *Sempre en Galiza*.

Resulta moi suxestivo indagar por que un home como Risco e a súa obra foron elevados á consideración de alicerce orixinario e principal do nacionalismo galego. Esta valoración é repetida con teimosía pola historiografía galega actual. Sen dúbida, a tipoloxía intelectual de Risco remite moi ben a tópicos e certamente a algunhas constatacións históricas para favorecer preconceitos e anatemas contra o nacionalismo. Podíamos enumerar, por exemplo, o carácter marcadamente intelectual e algo elitista dos membros das Irmandades da Fala, expresión cultural e ideolóxica nacionalista da xeración de 1916, a febra irracional e reaccionaria e o mesmo papel protagonista de Risco e o seu maxisterio persoal até a chegada da primeira República, sobre todo. Porén, o problema reside en que son moi poucas as coincidencias entre a obra pioneira de Risco, *Teoría do Nacionalismo Galego* (Ourense, 1920), e a de Ramón Vilar Ponte, *Doutrina Nacionalista* (Ferrol, 1921), do mesmo momento. A única e fundamental consiste en

empregar, sen recursos a eufemismos ou reducionismos, a verba nacionalismo para se referiren a un fenómeno político propio de nacións opresas por Estados centralistas e imperialistas. Risco di en termos moi xenéricos: «Emprégase a verba nacionalismopra desinañalo corpo de doutrinas que informan todo movemento de reivindicación da persoalidade dos grupos naturais por fronte da sorbencia dos Estados históricos». Para o caso galego concreta: «Nacionalismo galego quer decir pol-o tanto, a doutrina que informa o movemento de reivindicación da persoalidade de Galicia fronte da sorbencia do centralismo hespañol» (Vicente Risco, *Teoría do nacionalismo galego*, Edición crítica de Justo Beramendi, Fundación Vicente Risco/Sotelo Blanco Edicións, Santiago de Compostela, 2000, páx. 3 da edición facsímile de 1920). A dialéctica de contrarios sitúaa, pois, entre a personalidade do que chama grupos naturais e o centralismo. En contraste, Ramón Vilar Ponte, en termos máis políticos e contundentes, afirma:

O Nacionalismo é o berro dun pobo que se sinte capacitado para gobernarse a si mesmo, sen tutorías alleas, ceibe, co fin de que o Estado que lle veu servindo de tutor e de guía o recoñeza como maior de idade e, polo tanto, en disposición de rexerse a si mesmo.

Non podemos concordar, pois, coa conclusión de Paz Andrade (*Castelao na luz e na sombra*, Edicións do Castro, 1982: 163) cando afirma que «a converxencia de pensamento nos dous autores é manifesta». Comezan xa por se diferenciar na definición básica do que é o nacionalismo e nas consecuencias que dela se derivan. Hai unha



vontade de acción política e social desbordante na definición de Ramón Vilar Ponte que se traduce nunha contundencia en defensa implícita xa da soberanía ou da independencia. Aso man, pois, os fundamentos políticos racionalistas de un, a carón das especulacións vagas do individualismo do outro, conducentes a formas de actuar disímiles respecto do Estado absorbente.

### **Papel de Ramón Vilar Ponte, como sistematizador da doutrina básica do nacionalismo**

Chama a atención que Castelao, no *Sempre en Galiza*, non cite nin unha soia vez Ramón Vilar Ponte e a súa obra pioneira. A explicación pode estar nun remexido de causas, todas elas complementarias e que se reforzan, entre as cales, segundo opina Pilar García Negro, non sería menor a de obviar referencias a persoas nacionalistas que vivían baixo o franquismo, por temor a que foren máis reprimidas. Sexa como for, a ausencia sorprende, porque o eco das análises nacionalistas de Ramón percorre algunhas das páxinas máis doutrinarias

do grande ensaio de Castelao. Certamente, a actitude de Ramón foi sempre modesta. Tiña moita proclividade ao didactismo. Non en balde exercía de profesor e xornalista, con toda a predisposición á urxencia práctica na comunicación. A súa vinculación á política local e o seu insuficiente relevo político institucional e orgánico (o seu único cargo relevante foi o de alcalde de Viveiro pola ORGA, dentro da Alianza Republicana, en 1931) caracterizaron a súa militancia nacionalista, unha vez abandonada a adhesión a Casares Quiroga. Resultaba, ademais, estraño o seu afervorado catolicismo mesturado co seu republicanismo e o seu nacionalismo antiimperialista, contraste que non se daba no seu amigo Risco. Finalmente, Ramón estaba escurecido pola sombra do seu irmán maior e mestre, Antón Vilar Ponte, recoñecido como pioneiro no labor axitador e organizativo que conformara as Irmandades de Fala, como escritor e deputado en Cortes pola ORGA nas Constituíntes da II República.

Porén, cumpre subliñar que esta preterición case como natural de Ramón non debe facernos esquecer a súa preocupación sindical e asociativa,

**«O progresivo encerro vital e familiar de Ramón Vilar Ponte nunha dinámica local, en dialéctica crítica, ás veces, coas posicións tácticas do Partido Galeguista, conformaron a imaxe, o perfil, marxinal de Ramón, como un escuro e peculiar nacionalista»**

► Folla distribuída na homenaxe da Irmandade da Fala da Coruña a Eduardo Pondal e a Curros Enríquez, 1918

fundador da Asociación de Escritores Galegos, o seu labor de base para crear fermento nacionalista, xerente da editorial Céltiga... O seu progresivo encerro vital e familiar nunha dinámica local, en dialéctica crítica, ás veces, coas posicións tácticas do Partido Galeguista, conformaron a imaxe, o perfil, marxinal de Ramón, como un escuro e peculiar nacionalista. Porén, nesta marxinalidade e peculiaridade, foi tan fiel aos principios básicos do nacionalismo como digno na súa conduta. Nin o seu catolicismo nin a súa pequena relevancia política como militante do PC, o salvaron das represalias do réxime fascista durante o alzamento, en forma de incautación de bens e de marxinação social no Viveiro natal. El resistiu a través do seu labor docente privado, para enfrontar as duras circunstancias económicas familiares, trasladándose a vivir á Coruña en 1942 coa muller e os fillos, morrendo preterido e totalmente ignorado en 1953, mais deixando constancia da fidelidade ao seu ideario e da dignidade da súa conduta. As xeracións da posguerra chegamos antes ao *Sempre en Galiza* de Castelao que á *Doutrina Nacionalista* de Ramón Vilar Ponte, mais na xestación histórica do ideario nacionalista na Galiza, este libro é moi anterior a aquel. Un é, en parte, o antecedente doutrinario do outro. Os dous na mesma liña democrática, antiimperialista, pacifista e internacionalista que articulou o pensamento nacionalista na Galiza. Desde logo, a doutrina nacionalista de Castelao é explicábel sen Risco, mais non o é sen o antecedente autóctono de Ramón Vilar Ponte.

En 1916, data clave para o nacionalismo galego, vultou Ramón de Madrid coa carreira de Filosofía e Letras rematada, disposto a participar no impulso

do movemento nacionalista das Irmandades. Aos 31 anos, e durante unha breve etapa como director de *El Correo Gallego* de Ferrol, aproveitou para editar na súa imprenta a *Doutrina Nazionalista*, en 1921, deixando así constancia da súa vontade de contribuír á conformación dun corpus nacionalista, do que tan necesitado estaba o país. Procurou un prólogo de José Puig i Cadafalch, presidente da Mancomunidad de municipios, en catalán, e púxolle ao libro unha dedicatoria ao seu irmán Antón, de quen se consideraba discípulo. Puig asevera sobre o carácter pioneiro e sobre a necesidade do libro:

Doncs bé: manifestació clara, concreta i metodització d'aqueixa realitat, fou el llibret La Nacionalitat Catalana d'En Prat de la Riba, i ho és el vostre que aveu a publicar. Existeix una nacionalitat galega como existeix la nacionalitat catalana, vives y exigits, imperants, como éssers vius (Blanco Echauri, García Negro, Sanmartín Rei, 2006: 46).

Realmente, o libro de Ramón está doutrinariamente moi por enriba do libro de Prat de la Riba, de 1907, quen chegou a ser Presidente da Deputación de Barcelona en 1914, e impulsor da Mancomunidad de Catalá. Esta superioridade débese, entre outras cousas, a que as ensinanzas da Primeira Grande Guerra, e as súas consecuencias, foron vitais para a maduración das reivindicacións nacionalistas.

Na doutrina de Ramón, o eixo caracterizador do nacionalismo está na súa función antitética ao imperialismo, interpretación teórica de alcance universal, hoxe máis vixente e funcional do que nunca. A razón desta antítese está en que

# HOMENAXE DA "IRMANDADE DA FALA,, DA CRUÑA

ô bardo PONDAL, e ô gran poeta CURROS ENRIQUEZ,

relembrando ós aniversarios das suas mortes

## INTRODUCCIÓN

Fala de miña nai, fala armoñosa,  
En que o rogo d'os tristes sabe ô ceo  
Y-en que decende a práci-la esperanza  
A os afogados e doridos peitos;

Fala de meus abós, fala en que os parias  
De trémoa e polvo e de sudor cubertos,  
Piden à terra o grau d'a còr do sangue  
Qu'ha de cebar a besta do laudem o...

Lengoa enxebre, en que as ánimas dos mortos  
N-as negras noites de silencio e medo,  
Encomendan ós vivos as obrigas  
Que ¡mal pocados! sin cumprir morreron.

Id oma en que garulan os paxaros,  
En que falan os ángeles ós nenos,  
En que as fontes rebouzan e marmulan  
Entre os follosos árbores os ventos;

Non, ti non morrerás, céltica musa  
Náda d'a Suevia n-os chouzales peitos,  
Ultemo amor do páleto Macías,  
Atravesado o corazón c'un ferro;

Fecundo nune d'o úneco Rey sabio  
Que n-o sollo d'España tivo asento;  
Arpa inmortal da doce Rosalía;  
D'o infortunado Añón himno postreiro.

Ti non podes morrer... ¡Eso quixeran  
Os desleigados que te escarneceron!  
Mats ti non morrerás, Cristo d'as lengoas;  
Non, ti non morrerás, ouh Nazarenol

Apóstol teu, anque o mais ruín de todos,  
Pr'onde quer levarei teu Evanxello  
O fatelo vistindo de Inominia  
Que pra mofa n-as costas che paxeron.

N-o teu nome por terras e por mares  
Oferecerei paz e salú ós enfermos,  
Falarelles d'a patria ós desterrados,  
D'a liberdade e redención ós servos.

Anunciarei o día do teu triunfo  
Por cidades e vilas e desertos,  
E por si te anunciar me apedreasen  
¡inda ô morrer te mentarán meus belzos!

M. CURROS ENRIQUEZ.

Triadas, miñas triadas,  
Que levades os tres fios  
D'as frechas envenenadas;

Miñas triadas valentes,  
¡Rachade os ares fungando  
Como fungan as serpentes!

Ladrade, mórdele, ríde:  
Onde haxa virtú, bécade;  
Onde haxa vicio, feríde.

\*\*

A vontade homérica  
E propósitos férreos  
De facer bos e libres  
Os españoles peitos;  
Dos novos ideales  
O nobre e forte empeño;  
Non se compren samente  
N-os límites estreitos  
D'a paria desmedrada  
Pol-os antigos erros;

*Nin deben, non, morrer escuramente,  
Nos xa mingnados e cativos eidos.*

Mais axudando aqueles  
Do futuro sedentos;  
Qu'ô ideal, a raza  
Senon nos fortes pe tos;  
E con nosoutros parten,  
Os bos campos ibéricos,  
E non son somellantes  
No sonoro acento,  
E no fogar lexano,  
E nos graciosos feitos;

*¡Quebrantemos da serva Lusitania  
Tamén os duros e oprobiosos ferros!*

Nos esquivós combates  
E nos fortes empeños,  
Qu'hay que tén pol-os nobres  
Ideales ibéricos,  
Non deteñal-a pranta  
Nos límites estreitos,  
Non sigas ós hispánicos  
Políticos pigmeos;  
Non esquezas ¡oh forte!  
Os galaicos intentos;

*¡Quebrantemos da serva Lusitania  
Tamén os duros e oprobiosos ferros!*

\*\*

Non cantes tan tristemente  
Probe e desolada nai;  
Non lle cantes cantos br-ndos  
Pr'adormecer ô rapaz;

Ond'está a coba do sono  
No céltico carballal;  
Cántalle cantos ousados  
Qu'esforzado o peito fán;  
Cántalle o que xa cantára  
O nobre bardo Gundar;  
A lús birá para a cadauca Iberia  
Dos fillos de Breogán!...

\*\*

Xa chegaran os días  
Qu'os bardos anunciaran;  
D'as granda largacías  
As brétemas escuras s'alongaran.  
Ven a maturidade;  
Vosa mlés verdescente;  
Galegos, despertade;  
Baruda e forte xente,  
Vosa fonce «fiade  
Como agado crecente;  
Vos - fonce famosa  
Vosa fonce robust e fulxente.  
Diante de vós ondea  
A barda d'ouro ardente...  
Segade a vosa herdade,  
¡Ay d'aquel que non sexa val nte!  
Segade, galegos, con forza, segade!

\*\*

A lingua tiveran  
Por lingua d'escravos  
Esquecéran os pátrios acentos,  
Saldores e brandos.

Dos propios acentos  
Tiveran vergonza;  
De cautivos falaran palabras,  
De servos e ilotas.

Deixaran os doces  
Acentos jocundos  
Por extrañas palabras de sérvos,  
Ignaros e escuros.

A nai afrixida,  
Da escura miséria,  
Os propios tomara  
Por xente extranxeira;  
E espantada escuitara dos fillos,  
A plática serva.

E. PONDAL

## ALBORADA

¡Escotade! De fondas queixas cheo  
Brota d'a terra un misterioso canto;  
Rayos de branca luz tinxen o ceo;  
Rompe a mañá d'o celestial encanto.  
D'a caixa de Pandora  
Sobr'a patria deitada,  
Que peste e monstros gomitou cad'hora,  
Vay a Espranza surxir consoladora  
Que quedaba no fondo acurranchada...  
¡Oh, Libertá, sagrada,  
Alba de gloria pr'ô oprímido mundo,  
D'os pobos deseada,  
Que escravos viven en delor profundo!  
Esparexe, querida,  
D'esenza noite as trévoas cenicientas,

De verdugos e déspotas garida,  
E fuxen medonhentas,  
Seguidas d'o seu livido aparello,  
¡Diante de ti as visións d'o mundo vello!  
Águia d'ánreo piteiro,  
D'ese mundo d'horror sobr'os escombros,  
Bate xa as alas o Porvir lixe ro...  
¡Xunta esas forzas, moxedá, d'aceiro,  
Si queres que se pouse n-os teus ombros!  
Dispoñel, dispoñelivos pr'a seitura,  
Cansados labradores;  
E si frutos queredes da dozara,  
Dond'agora herba ruín e grama dura  
Ceibay novas ideas: darán frores.

M. CURROS ENRIQUEZ.

Na Cruña, a 10 de Marzal do 1918.

— 1. TIP. DE "EL NOROESTE."



Ramón Vilar Ponte e Teresa Chao  
o día da súa voda. 1919

O imperialismo (...) non invoca máis razóns que as da forza ou as dunha mentida superioridade –sexa cultural, sexa económica, sexa política– para arrebatarse ás nacionalidades o sacro dereito que, como os individuos, teñen a dispoñer de si mesmas, sempre e cando esta disposición non ocasione o prexuízo e o dano para os demais. (*ibidem*, 2006: 53)

En lóxica consecuencia o imperialismo parte da defensa do dereito de autodeterminación nacional de todos os pobos. Esta é a condición básica para que haxa un contexto verdadeiramente internacional, fundamentado na convivencia pacífica. Esta perspectiva non se limita, pois, exclusivamente á asunción como propia da doutrina wilsoniana aplicada a Europa central e oriental após a primeira grande guerra, senón que é unha poderosa proclama e unha firme oposición á política colonial, por moito que se xustifique como unha esixencia da modernización e do progreso. Dentro do esquema didáctico da *Doutrina Nacionalista*, imitativo dos catecismos, con preguntas intencionadas e respostas aclaratorias, hai toda unha parte, a II, a referida á relación nacionalismo,

**«A doutrina nacionalista de Castelao é explicábel sen Risco, mais non o é sen o antecedente autóctono de Ramón Vilar Ponte»**

pacifismo e internacionalismo, na que se argumenta sobre a oposición á política colonial, a imposibilidade de conciliála co nacionalismo e o ideal de liberdade que este representa. Así podemos ler, após xustificar o carácter antiimperialista do nacionalismo, como resposta a tres preguntas consecutivas, o seguinte. O nacionalismo é oposto á chamada política colonial,

(...) por máis que para xustificar a tal política se invocan esixencias da civilización, desexos nobilísimos de levar o adianto e o progreso aos pobos atrasados e outras trécolas semellantes (*ibidem*: 53).


Con rotundidade, afírmase que:

A política colonial, en contra do que digan os pseudoamantes da civilización, foi, é e será decote política de opresión, de asoballamento, de tortura e de aniquilación de pobos (*ibidem*: 54).

Hai, pois, algunha posibilidade de conciliar a política colonialista e o nacionalismo?:

De ningún xeito xa que a política colonialista consiste, por parte do Estado que a exerce, en privar outros pobos do seu autodomínio e do exercicio da súa vontade –corolario este daquel– para trocalo por un poder e unha vontade alleas, procedemento que, como xa máis atrás fica dito, é completamente oposto á esencia do ideal nacionalista, posto que este ideal se afinca no máis estrito respecto á vontade de cada pobo (*ibidem*: 54).

A unión entre nacionalismo e liberdade é, pois, esencial e radical:



Sen dúbida ningunha. Para o nacionalista esta é a primeira e a máis imperativa esixencia. Afincándose toda a súa doutrina no máis completo disfrute da liberdade e arrincando esta do individuo, feito por tal circunstancia soberano e señor de si mesmo, vai completarse na total liberdade da nación, que vén a ser como a definitiva concreción das respectivas liberdades dos individuos que a compoñen e que non son outra cousa que a xeito de células integradoras daquel grande organismo (*ibidem*: 54).

Estes textos fulcrais da segunda parte do libro enfiáanse após comezar definindo o imperialismo dentro dos conceptos xerais a ter en conta para entender o significado, a función e a necesidade do nacionalismo, como a súa antítese, como xa temos visto. Verdadeiramente a vixencia desta análise, mesmo a súa abraiante actualidade,ponse de manifesto na política hexemonista e agresiva do imperialismo norteamericano, como expresión superior da xerarquía mundial, no plano político e militar, pero tamén na de Estados plurinacionais, de vocación imperialista fracasada, na súa forma

Céltiga foi unha editorial creada polas Irmandades da Fala en Ferrol en 1921 e na que Ramón Vilar Ponte ocupaba a función de xerente. Publicou 16 títulos até que a ditadura de Miguel Primo de Rivera acabou coa editorial ordenando o seu peche en 1923

de proceder no seu interior (o caso de España con Catalunya, por exemplo). Os pretextos sobre os que se cimenta a política imperialista actual quizais son máis cínicos. Invocar a defensa da liberdade, da democracia, mesmo o combate contra a tiranía e a imposición, para xustificar a agresión imperialista e o recurso á política de ocupación colonial, resulta todo un síntoma do descaro confusionista con que se practica hoxe. Desde logo, pode chegar-se mesmo a invocar o nome de Deus como supremo inspirador da política imperialista, na mellor tradición do providencialismo imperial, protector do instinto de poder, de opresión de outros, para perpetuar a hexemonía imperial e os seus intereses, en clara e aberta contradición co dereito dos demais a unha existencia libre. Convértese o dogma imperialista en principio e fin de todo o dereito, como algo supremo indiscutíbel do que derivan normas e legalidade contra os discrepantes, aos que, na mellor tradición dogmática, retira calquera razón e lexitimidade, e os condena a seren albo da agresión e do odio, como causantes dun mal, unilateralmente definido, por máis que consista só en defenderen o seu dereito á existencia e á liberdade. O imperialismo é a unilateralidade do poder, o hexemonismo sen contrapeso, a agresividade desbocada, que se proxecta contra os pobos e nacións cando discuten o deseño de opresión e dominio que padecen desde fóra.

Sen dúbida estamos no cumio da evolución do sistema capitalista na súa fase imperialista. Que outra cousa é o que estamos a vivir hoxe se non é «a imposición brutal da forza como expresión suprema do dereito e da xustiza» (*ibidem*: 52), á que alude Ramón Vilar Ponte precisamente para

**«O imperialismo é a unilateralidade do poder, o hexemonismo sen contrapeso, a agresividade desbocada, que se proxecta contra os pobos e nacións»**

resumir o que é o imperialismo. Esta imposición domina hoxe o mundo, coa conseguinte decadencia, a falta de contraste entre ideas e políticas, coa banalización do discurso político, alimentado no epigonismo filosófico máis irracional, coa corrupción e o cinismo moral entronizados no poder, concentrado até o paroxismo en oligarquías organizadas, capaces das maiores mentiras e tamén da teatralidade máis fraudulenta. Así a Humanidade corre un moi serio perigo. Paradoxalmente, por causa dos que din estar actuando para salvala coa súa política de forza, de agresión, tan unilateral como opresiva. É o «amo único e dono absoluto» (*ibidem*: 52), que Ramón Vilar Ponte identifica co Estado imperialista, guiado pola cobiza, que é «grande e potente». Válese «do sacrificio e do asoballamento dos máis débiles», recorrendo á forza bruta para a súa expansión colonial. Non hai ningún ensaio na literatura galega da época, e moito menos na española, que exprese tan claramente as características da política imperialista e o sentido do nacionalismo nun contexto internacional, hoxe tanto ou máis que onte, por ela dominado.

Coñecemos a tendencia a privilexiar, case a entronizar como únicos, os dereitos do individuo por parte das democracias liberais, por máis que, se cumpre violalos en nome de valores, máis ben intereses, superiores, o fan de forma descarada e descomunal. Curiosamente, Ramón Vilar Ponte vencella o ideal nacionalista ao ideal de liberdade que arrinca do individuo. A liberdade da nación non sería máis que a consecuencia lóxica dos dereitos individuais que se concretan e completan, de forma colectiva, no organismo da nación á que pertencen. As respectivas liberdades individuais confórmanse

► Fotografía da IV Asemblea Nacionalista. Monforte, 18-20 de febreiro de 1922

De esquerda a dereita e de abaixo arriba: Daniel Castelao, Xaime Quintanilla, Lousada Diéguez, Antonio Sánchez González, Ánxel Casal, Antón Vilar Ponte, Roberto Blanco Torres, Ramón Otero Pedraio, Afonso Vázquez Monxardín, Manuel Antonio, Lustres Rivas, Ramón Vilar Ponte, Uxío Charlón Arias

así nunha liberdade nacional. O paralelismo sería o que se pode dar entre as células e o organismo no que elas se integran (*ibidem*: 54). Velaí por que non resulta aplicábel á obra de Ramón, como á de ningún nacionalista consecuente, alén de ser artificiosa por partir de premisas incoherentes, a diferenza academicista entre *nacionalismo organicista* e *nacionalismo liberal*. Os individuos están inseridos e son produto tamén de sociedades. Existen individuos e existen pobos. A tendenciosa orientación política da globalización imperialista, cando se concreta en unidades macroeconómicas e condicionadas politicamente polo recoñecemento indiscutíbel dos Estados que as artellan, persegue facernos crer que só somos individuos, cidadáns, e que os pobos non existen. Porén, ben que se encargan, de forma fraudulenta e cínica, de identificar pobos ou nacións cos Estados constituídos. Deles emana, en exclusiva, o dereito á soberanía, a fonte que xustifica as decisións colectivas, a lexitimidade dun Goberno. Mais para os nacionalistas como Ramón Vilar Ponte, a filosofía liberal que limita as liberdades e os dereitos ao individuo, ten que ser rectificadora completándoa co recoñecemento das liberdades colectivas, dos dereitos dos pobos, de forma axial o dereito á libre autodeterminación, única forma de exercer a súa liberdade colectiva, alén de só así ter a liberdade individual un fundamento e unhas consecuencias plenas. Non son, pois, dereitos opostos, senón complementarios, os das persoas e os dos pobos. Non é, pois, moi difícil de comprender que o nacionalismo tivese sempre proclividade a analizar o conxunto social, as estruturas que modelan e moldean unha sociedade concreta, a forma de esta se conducir, as súas






eivas e potencialidades, vendo así o que outros non vían porque non reparaban sequera nesa realidade específica, e moito menos a consideraban fonte de ningún dereito.

O pouso social, a radicalidade analítica, mesmo na súa visión do mundo, está clara na *Doutrina Nacionalista*, como está clara no *Sempre en Galiza*, por citarmos só os dous grandes fitos do noso pensamento político. Neste momento tan crítico e tan etnocéntrico, as páxinas doutrinarias de Ramón son un constante xuízo contra a xerarquía imperialista e unha afervorada defensa dos dereitos de todos os pobos do mundo. Non é, pois, como se puidese pensar, eco da doutrina wilsoniana sintetizada nos famosos catorce puntos, destinados a conseguir, acabada a primeira grande guerra, unha paz internacional xusta, garantida coa creación dunha Sociedade de Nacións. É doutrina a prol dos dereitos colectivos de todos os pobos do mundo sen excepcións, condena e oposición a toda caste de política imperialista, directa ou indirecta, rexeitamento do colonialismo de calquera nivel ou con calquera pretexto xustificativo como o formulado

na Conferencia de Paz de Versalles. Vilar Ponte comprendía e partillaba os sentimentos anticolonialistas das antigas colonias alemás ou das rexións do Imperio Turco de Próximo Oriente que eran cedidas agora ás potencias vencedoras, por encargo da Sociedade de Nacións. O Estado mandatario debía ironicamente administrar en suposto interese das poboacións indíxenas aplicando as súas políticas colonialistas. Por certo, o Iraqe foi entregado a Grande Bretaña, en calidade de mandato A. Isto é, territorios que posuían, en principio, capacidade de abondo para existiren como nacións independentes, mais que precisaban dun «asesoramento» temporal por parte do Estado mandatario. Non en balde brada Ramón contra a política colonialista nas páxinas dun libro redixido xustamente após a Paz de Versalles.

Malia resultar chocante, se partimos da propaganda imperialista e neoliberal, tan abafante, hai un corolario entre nacionalismo, pacifismo e internacionalismo, que a *Doutrina Nacionalista* subliña, na súa parte II, como outro eixo vertebrador da razón de ser do nacionalismo na actual



Mitins na Mariña anunciados nunha volantina do Partido Galeguista de Viveiro

etapa histórica. Para o pensamento nacionalista de Ramón, a lóxica do nacionalismo afínase no «exemplo tanxíbel de feitos latexantes», na configuración da realidade humana en pobos, nacións, diferentes, algo do que non se pode prescindir, a non ser que se queira vivir na quimera. Hoxe diríamos a daqueles que mitifican a globalización como desaparición de fronteiras, máis non poñen en cuestión a lexitimidade dos Estados constituídos como únicos referentes políticos legais e mesmo única fonte de lexitimidade. Está claro que iso non é internacionalismo, e moito menos o que soñaban algúns que acreditaban no abatemento de fronteiras como expresión da desaparición das opresións sociais e nacionais. A quimera do «comunismo» en versión catequética panfletaria podía resultar de fácil consumo para as masas espantadas polas consecuencias das guerras interimperialistas. Desde logo, non tiña en conta a realidade para orientar por un camiño, democrático e ben fundamentado, os anxeos dunha Humanidade necesitada de auténtica cultura internacionalista e pacifista. Para Ramón, o nacionalismo, pola súa parte:

(...) encamiñase á construción dun mundo no que, sendo cada pobo amo e señor da súa casa, isto é, dentro do seu territorio, poda ser, como cidadán exemplar da gran cidade do mundo, fiel observador dos seus deberes na grande sociedade de nacións (comprenderá o lector que non nos referimos a esa cousa bufa, vergoñenta e ridícula a que deu orixe a Paz de Versalles) que, tarde máis ou tarde menos, terá de facerse, dando marxe deste xeito ao troco do soño de tantas xeracións en realidade: á paz universal (*ibidem*: 56-57).

Xa se ve que non gustaba da Sociedade de Nacións creada ao servizo das potencias triunfadoras na Primeira Grande Guerra, que estaba condenada ao fracaso, como elemento de concordia e encontro entre nacións. Precisamente por consistir só nunha coartada para os deseños de dominio mundial das potencias imperialistas e non asentarse no valor supremo do dereito de todos os pobos á súa soberanía, á igualdade. Que pensaría ou que podemos pensar nós, desde esta perspectiva analítica, do papel da ONU? A derrubada dos imperios e a reconstrución das nacionalidades posibilitará unha nova concepción dos dereitos dos pobos á súa soberanía. Abriranse camiño novos sentimentos de respecto, de confraternidade e de consideración no trato internacional. Simplemente porque defender a soberanía doutros será a mellor garantía para a propia. O obxectivo, a grande obra, é a paz universal, que esixe, como primeira condición para a tranquilidade mundial, a desaparición dos imperios. Fala Ramón desde a experiencia histórica. A reconstrución das nacionalidades será, pois, unha consecuencia lóxica da

**«Resulta clarificador como Ramón Vilar Ponte considera características sobranceiras dos postulados nacionalistas, a igualdade e a fraternidade, xustamente os dous principios da revolución democrática francesa que foron e son os máis esquecidos polas democracias liberais»**




Ramón Vilar Ponte. Viveiro, 1927

desaparición dos imperios, e un síntoma de que se opta pola política de paz e de non agresión. O triunfo do nacionalismo significa a desaparición de moitas vellas ideoloxías, porque é incompatible con elas, o militarismo, por exemplo, o papel dos «exércitos permanentes». A cultura dun país libre ciméntase no seu respecto polos dereitos dos demais países a seren libres tamén: velaí o alicerce da nova cultura política postimperialista. Máis unha vez achamos nun nacionalista galego o recurso ao marxismo para xustificar a validez do nacionalismo, a súa aceptación polos que procuran un ideal de pacificación e fraternidade universais, por máis que o combateran de xeito rexo noutrora:

Os sustentadores de tales ideas non tiveron mais remedio que variar de opinión ao pasaren do terreo das abstraccións ao terreo das realidades. Así, por exemplo, o bolxeviquismo –na actualidade a doutrina onde converxen todas as opinións que se din máis avanzadas do mundo– por boca do seu principal definidor e pontífice, Lenin, di que se non pode

menos de reconecer o sacro dereito dos pobos a dispor de si mesmos, e que non hai ningún principio liberal que xustifique a oposición ao desexo dun pobo a ser ceibe e de gobernarse a si mesmo pola súa propia vontade segundo as condicións e segundo a propia natureza. A Terceira Internacional, verdadeiro coco de todas as nosas clases conservadoras e burguesas, proclama entre os seus principios básicos o das nacionalidades e en consecuencia ofrece a liberdade para os pobos asoballados e oprimidos (*ibidem*: 58-59).

Evidentemente, o mundo estaba en 1921 moi lonxe do ideal nacionalista, segundo Ramón Vilar Ponte. Segue a estalo hoxe. Porén, podemos comprender o drama palestino sen ter presentes os valores do nacionalismo? Será posíbel oporse coherentemente ás brutais agresións, con ocupación colonial, contra Iraque, Libia, Afganistán se non se defende e comparte o dereito á libre autodeterminación dos pobos, como fundamento da paz e do internacionalismo? É coherente preocuparse pola situación dos armenios e dos kurdos en Turquía, comprender a independencia de Eslovenia, Eslovaquia ou Macedonia, e negar o dereito de Catalunya a decidir o seu status futuro?. Resulta clarificador como Ramón Vilar Ponte considera características sobranceiras dos postulados nacionalistas, a igualdade e a fraternidade, xustamente os dous principios da revolución democrática francesa que foron e son os máis esquecidos polas democracias liberais. Non consiste noutra cousa o nacionalismo, senón en ir «directamente á consecución da maior igualdade posíbel entre todas as nacións» (*ibidem*: 62), coa fraternidade máis estreita como unha das súas bases.



Dedicatoria de Fermín Bouza Brei a Ramón Vilar Ponte do seu traballo «Bibliografía da prehistoria galega» –en coautoría con Cuevillas– publicado polo Seminario de Estudos Galegos

## A coherencia nacionalista da obra de Ramón Vilar Ponte

Toda coherencia nacionalista parte dun punto fundamental, cal é a definición da nacionalidade ou pobo, como unha realidade natural, base de toda articulación política estatal que pivote na liberdade, As colaterais e escasas resonancias espiritualistas, que podían aproximar a obra de Ramón á de Risco, apenas condicionan a materialidade do discurso e moito menos a súa eficacia e claridade políticas. Pouco importa que teña un peso moi forte o pouso espiritualista, de orixe xermánica, na súa definición de nación, evidentemente menos empírica e precisa que a asumida por Castelao, de fonte marxiana. Nel alma colectiva, lingua, cultura, vontade superhumana, patria, son os elementos definitorios predominantes. Ao cabo, é clara a diferenza co Estado, mecanismo que rexe a vida toda dunha ou varias nacións axuntadas, ben por imposición ou por mutua conveniencia. Hai Estados plurinacionais, como o español, baseados na imposición, e Estados uninacionais, como Portugal. Porén, a dialéctica política e a saúde democrática dos Estados plurinacionais depende de que asuman ou non esta pluralidade como fonte de poder e de lexitimidade. De non facelo, as nacionalidades estarán integradas pola forza:

A maioría dos Estados actuais, cuxa formación definitiva se remonta ao século XIX, teñen como motivo creador o afán imperialista dunha nacionalidade ou dunha raza, ou ás veces dunha cidade que, aproveitándose da debilidade que circunstancias diversas puidesen ocasionar nas nacionalidades veciñas, botou sobre elas a súa forza material, asoballándoas

e impóndolles o seu dominio tiránico, aínda que este dominio na maioría das veces vaia disfrazado con letra de constituicións estatais, tapadeira que, polo regular, só serve para disimular mellor o asoballamento e a hexemonía da nacionalidade directora.

Noutros casos –estes son os menos– o Estado é constituído pola vontade ceibe e soberana de varias nacionalidades, que se serven daquela creación como vehículo de xuntanza para mellor poderen atender a súa conservación e defensa fronte ás cobizas de nacionalidades fortes, ensoberbecidas e abufinadas polos insáns degoiros imperialistas (*ibidem*: 51).

Ningún Estado plurinacional pode, sen o recoñecemento e o exercicio do dereito de autodeterminación, funcionar nin manterse sen imposicións, cunha aceptación plena dos dereitos democráticos, pois o recoñecemento e o exercicio da soberanía por cada unha das nacións que o constitúen é a clave para poder axuntarse igualitariamente nunha estrutura estatal axeitada. Unha cousa é, pois, ser un Estado plurinacional, cuestión obxectiva, e outra moi diferente ter a estrutura de poder acorde con esa realidade, cuestión política, de conformación institucional e onde ou en quen reside a soberanía.

Non faltan na clasificación de Ramón Vilar Ponte o que denomina Estados orixinados polas combinacións e esixencias diplomáticas, «como exemplo deles pódese citar Bélxica» (*ibidem*: 52). Son Estados formados por anacos de nacionalidades, creados polos intereses das grandes potencias: non responden a ningunha realidade natural, senón ás necesidades interesadas do momento. Efectivamente, cavilamos nós, a crise de identidade nacional de Bélxica é máis que notoria. Só a súa pertenza



Portada de *A Nosa Terra* núm. 259, do 1 de abril de 1929, xornal onde se publicou –en varias entregas– o ensaio de Ramón Vilar Ponte «O sentimento nazonalista e o Internazonalismo» co que ingresara no Seminario de Estudos Galegos en 1927


á UE pode explicar que siga a manter a súa artificialidade híbrida, cunha dualidade lingüística, cultural, política e psicolóxica tan marcada, coa tensión conseguinte pola resistencia a formar dous Estados independentes, acolléndose a unha estrutura federal.

Debemos advertir que na *Doutrina Nacionalista* fai uso da palabra «raza» como sinónimo de pobo. A exclusión deste léxico do ideario nacionalista aparece de forma nítida no *Sempre en Galiza* de Castelao. Porén, non nos debe levar a equívocos, no caso que comentamos. Non se trata de que na doutrina de Ramón se acredite na raza *stricto sensu* como criterio definitorio da nación e, moito menos, na tese de haber razas superiores ou inferiores, a desigualdade das razas humanas, teorizada por Gobineau (1816-1882). Xa comprobamos o anatema contra o colonialismo que se pretende xustificar en nome da civilización e o progreso. Como concepto vago e pouco pertinente, a palabra raza usábase, na transición finisecular, con diversas significacións. Nas contadas ocasións en que recorre Ramón a el, úsao sempre na acepción filolóxica de Wilhelm Schlegel (1767-1845), que falou da «raza

alemá», da «raza céltica» ou «eslava», desde unha perspectiva puramente lingüística ou cultural. Tamén pode, sen maiores problemas, identificarse con comunidade espiritual, xenio, cultura popular, *volkgeist*, no senso de Herder (1744-1803). Nada a ver cos partidarios da supremacía ou pureza racial. Non hai tampouco un rol especial do punto de vista social ou político para a «raza galega». Hai un deber coa patria escravizada, que se fundamenta na demanda de liberdade e igualdade para todos. As acepcións e os matices en Risco son máis problemáticos. El si está máis na liña racial de Ortega, D'ors ou Ganivet, grandes pensadores do españolismo, dos que, por certo, non se escoita moita analítica sobre a súa retórica propia do irracionalismo espiritualista, de claras connotacións racistas.

A preocupación democrática é unha das pezas clave da argumentación de Ramón Vilar Ponte a prol do nacionalismo. Se os Estados queren ser representativos da sociedade, respectar os dereitos humanos, ser tanxíbeis para a xente como o propio corpo, identificados coa opinión pública libre, non poden estar á marxe, por enriba, ignorantes e opresores


**«Neste momento tan crítico e tan etnocéntrico, as páxinas doutrinarias de Ramón son un constante xuízo contra a xerarquía imperialista e unha afervoadada defensa dos dereitos de todos os pobos do mundo»**



Capa do libro *Doctrina Nazionalista*, 1921



Capa do libro *Historia Sintética de Galicia*. Primeiro libro publicado en novembro de 1927 pola editorial Nós dirixida por Ánxel Casal. Da primeira edición, cun deseño de Castelao, imprimíronse 500 exemplares



Capa de *Breviario da Autonomía*, publicado en 1933. A ilustración da portada é obra de Xurxo Lorenzo e representa un puño e un brazo portando o estatuto

das nacións naturais. Efectivamente, dáse maior respecto polos dereitos humanos nas pequenas que nas grandes nacións, nos estados federais xenuínos que nos unitarios, seguindo a teoría, contrastada empiricamente, dun Pi i Margall, convertido en fonte doutrinaria, para superala, do noso Ramón, especialmente o seu libro *As Nacionalidades*. Como hai maior compenetración, nun contexto democrático, entre Estado e sociedade no caso das pequenas nacións que das grandes, tamén seguindo as teses de Pi i Margall. Fai moito fincapé Vilar Ponte en que a opinión pública é máis sensíbel e coñecedora das arbitrariedades ou propósitos non loábeis dos seus gobernantes nos pequenos que nos grandes Estados. Hai neles un estado de opinión pública máis consciente, solidario e fraterno, en definitiva, un patriotismo racional.

Curioso e indicativo é que Ramón beba en fontes pimargallianas para reforzar os seus argumentos a prol das nacións sen Estado. Xa se sabe que o entusiasmo pimargalliano polas células pequenas, básicas, ten un fundamento libertario e individualista, a maior proximidade das estruturas democráticas

e a súa xustificación a partir do individuo libre. É máis, indica até que punto, en lóxica consecuen- te co principio de liberdade, igualdade e fraterni- dade, o nacionalismo galego artellou unha defensa das nacións sen Estado como un exemplo de opre- sión que debía acabar por ben da democracia, dos dereitos do home, e, en definitiva, da liberación da humanidade. Nunha palabra, pór en conexión os dereitos individuais e os colectivos. Porén, Ramón xa advirte, en nota ao pé de páxina, para afastarse de calquera interpretación cantonalista, que:

(...) ao falarmos de nacionalidades pequenas non queremos dicir nacionalidades de extensión redu- cidísima, senón soamente pequenas en oposición á concepción actual dos grandes Estados imperialistas (*ibidem*: 82).

Velaí a cuestión, velaí o problema. Por certo, os antecedentes da visión negativa que Castelao ten do Estado español como un Estado centralista, con- figurado polo militarismo, o clericalismo e o semi- feudalismo (o capitalismo, escribira orixinalmente),

Fotografía de Ramón Vilar Ponte publicada no *Boletín* núm. 301-304 da Real Academia Galega, en setembro de 1955, no que se fai eco da morte do académico



© Fondo Vilar Ponte. Parlamento de Galiza

elementos que provocaron a guerra civil, tal e como explica en *Sempre en Galiza*, están latexantes na *Doutrina Nacionalista*, expresados de forma abstracta e xenérica, para todos os Estados imperialistas (despotismo, uniformidade, oligarquías, ditaduras, guerra...).

Para Ramón Vilar Ponte, Galiza dentro de España sufriu un desprezo secular, que tomou carta de expresión oficial, sintomáticamente, na *Gaceta* do 18 de febreiro de 1809, Sevilla, por conta da Xunta Central do reino, que a considerou «hija desnaturalizada de la nación, y que se había entregado sin honor a los enemigos, debiendo su nombre ser borrado del libro de la patria» (*ibidem*: 92). Galiza viviu con falta de conciencia de seu, carente da máis elemental sensibilidade, desde a «fatal unidade dos Reis Católicos» (*ibidem*: 85), «feita unha colonia abandonada e descoidada, do vergoñoso centralismo que de nós só se lembra para cobro de gavelas onerosas e trabucos abafantes e inxustos» (*ibidem*: 92). Porén, Ramón constata o renacemento cultural de Galiza, precisamente nesta etapa histórica das guerras imperialistas:

Polo demais, o carácter de estabilidade inalterábel do espírito galego explica claramente o caso estrano da existencia dunha literatura e dun pensamento galegos, dunha música galega, dunha arte plástica galega que hoxe, coincidindo coa renacionalización da nosa patria –nova xermolación en nós do coñecementos íntimo e claro de que somos fillos dunha patria natural, patria única, que por selo ten dereito a vivir a súa vida sen que ninguén lle trace normas nin lle marque direccións–, están en etapa de renacemento definitivo (*ibidem*: 86).

Hai no pensamento de Ramón unha febra moi frecuente no nacionalismo galego, cal é a importancia crucial da lingua, expresión ela de pensamento propio, de espírito xenuíno, de capacidade de sermos nós mesmos e de axir con independencia e dignidade, isto é, como síntoma de liberación das ataduras. Polo tanto, a conduta lingüística como expresión do dominio e da liberación, un termómetro que mide o proceso de liberación:

Comecemos, pois, os galegos por recuperarnos a nós mesmos, por sermos galegos en totalidade, externa e interiormente. E facéndoo así, traballando acotío por perder os andadores e as vestimentas estrañas chegará un día en que, sen darnos conta, atopáremonos trocados en cidadáns libres dunha patria espiritualmente libre tamén –tal lles sucede hoxe a bascos e cataláns dentro do Estado español–, a que por iso mesmo non distará moito de abranguer a súa liberdade plena, total. Pois do mesmo xeito que para asoballar un pobo o primeiro do que se terma é de encadearlle o seu pensamento e o seu espírito –de aí a imposición da lingua estraña e o desterro da propia, a que todos os pobos tiranos e imperialistas acoden sen excepción ningunha–, para redimilo o labor necesario en primeiro termo e o de purificar e expurgar a súa alma, a súa espiritualidade de todo lixo e de toda influencia estraña, conseguido o que xa o demais se lle dá por engádega (*ibidem*: 89).


Posibelmente resulte un pouco optimista esta tese de, liberado da dependencia de pensamento, da dependencia espiritual, un pobo conseguir todo o demais por *engádega*. Pero si parece seguro que, sen paralizar o proceso de desnacionalización, sen

Caricatura de Ramón Vilar Ponte feita polo seu fillo Xosé Ramón Vilar Chao

recuperar a identificación coa realidade propia, é imposible redención de ningunha caste. Este sentimento de identificación, que ha de asentar en análises racionais e conclusións para a acción, comezará por nos interrogar sobre cal é a nosa patria. A resposta será que Galiza é a única patria dos galegos e galegas:

A ridícula distinción entre patria grande e patria pequena que algúns establecen, non ten o máis cativo fundamento, pois do mesmo xeito que chaman patria ao Estado a que pertencemos por circunstancias históricas ou por outras razóns, poderían chamarllo tamén á división xeográfica continental en que nos achamos incluídos e entón xa non serían dúas as patrias de que gozaríamos. Serían tres, que poderían chamarse: patria «pequena», patria «grande» e patria «grandísima». Distincións que aínda poderían aumentarse seguindo un criterio análogo (*ibidem*: 87).

En puridade, a sociedade, a nacionalidade que formou o ser cultural e o psíquico dunha persoa é a que pode ostentar o nome de «patria» en exclusiva. Entre os conformadores están a lingua e a cultura, por moito que poida ser para desbotalas na socialización. É máis que imaxinativa a idea de patria «grandísima», de seguirmos no correlativo discurso imperante nos actuais Estados imperialistas. Un galego tería, pois, tres patrias, o cal é de máis e algo esperpéntico e inviábel como harmonía e equilibrio. O exercicio do patriotismo, de ser natural, é unha condición esencial para tirar Galiza do seu estado de prostración, para a independencia de espírito necesaria, para a dignidade que



necesitamos, se queremos pensar por nós mesmos e en función da nosa realidade. Por iso, é a «obriga de todo bo galego, de todo fillo de Galiza no que xa teña xurdido a conciencia de que é fillo dunha verdadeira patria» exercer o patriotismo natural. Este tradúcese en:

(...) traballar arreo, sen acougo, porque ela (Galiza) abrangue a liberdade a que, como pobo diferente e típico, dono de orixinalidade e dunha personalidade inconfundíbel, ten dereito (*ibidem*: 88).

A clarificación conceptual do que é a patria e o patriotismo non impide recoñecer que vivamos dentro dun Estado e baixo a súa dirección, isto é, que administrativa e politicamente esteamos dentro dun Estado que non é propio. A reconstrución ou recoñecemento da patria galega só pode vir pola vía da súa absoluta liberdade. Porén, dentro da tradición hexemónica dentro do nacionalismo galego, a *Doutrina Nacionalista* avoga por que as nacionalidades que hoxe compoñen o Estado español,



**«Debemos advertir que na Doutrina Nacionalista fai uso da palabra "raza" como sinónimo de pobo. A exclusión deste léxico do ideario nacionalista aparece de forma máis nítida no Sempre en Galiza de Castelao»**

(...) donas absolutas da súa liberdade, en pleno aproveitamento das sacras e inalienábeis prerrogativas que lles corresponden como nacionalidades diferentes, verdadeiras e típicas, poidan chegar a constituír a grande Iberia do porvir, o xurdio Estado ou magna Confederación de Estados ceibes que todos os homes de espírito amplo e xeneroso albiscaron con máis ou menos acerto nos seus soños de esperanza (*ibidem*: 94).

O punto de partida é, pois, o dereito a autogobernarnos, sen limitacións, imposicións ou hexemonías, para poder construír, desde a soberanía e a liberdade plena, a Confederación Ibérica, que non será tal se non inclúe Portugal, o marco dunha convivencia entre irmáns, moi lonxe do marco imperial actual. Así pois, só a liberdade de Galiza poderá ser unha canle para poder realizar a unidade con Portugal, a xuntanza de pobos libres da Península. O arredismo moral, intelectual, espiritual, de Ramón Vilar Ponte, lóxico nun nacionalista, canalízase na esfera política nun obxectivo internacionalista, a articulación dun marco superior integrado por nacións que previamente deben conquistar a súa liberdade, a súa soberanía, exercer a autodeterminación sen limitacións de ningunha caste. Insírese así a *Doutrina nacionalista* no elo do iberismo e nas profecías de Eduardo Pondal, quizabes o aspecto máis debedor dunha atmosfera cosmopolita, de agrupación por proximidades lingüístico-culturais, «raciais», propias da transición entre o século XIX e o XX, polo menos no mundo latino. Claro que este iberismo aparece depurado en relación ao de Pondal, sen deixar dúbida algunha sobre o seu antagonismo co

españolismo, co aparato do Estado e o seu poder, que non reconece nin representa as nacionalidades que o integran, senón que exerce o uniformismo, o dominio e a anulación, en nome de supostos intereses xerais e comúns.

É nesta parte, a VII, dedicada a «O noso caso. O caso de Galiza», onde constatamos o camiño andado que hai entre a *Doutrina Nacionalista* e o *Sempre en Galiza*, a diferenza de experiencia, de coñecementos, de matices, de análises políticas estratéxicas e tácticas, nunha palabra, de vida, non só de doutrina, entre o libro dun mozo patriota, ansioso de axudar a que os seus compatriotas tomen consciencia da necesidade do nacionalismo, a través dunha reflexión teórica, e o dun home maduro, que foi aproveitando as súas experiencias, as súas vivencias, como persoa entregada á práctica cultural e política nacionalista, para elaborar reflexións xenuínas, análises concretas, conclusións relevantes e exemplares, sobre Galiza, co obxectivo de elas alumearen, de forma palpábel e clarificadora, que somos un pobo diferente, cal é o noso papel no Estado español e cal o camiño apropiado para a nosa liberación. Ambos partillan un mesmo fundamento doutrinario. Porén, o libro de Castelao ten precisamente ese carácter de retrato dunha realidade dolorosa que fere un corazón patriota, tan activo e convicto, como paciente e firme, en primeira liña durante moitos anos, incluídos os finais no exilio. Sería, pois, o *Sempre en Galiza* o desenvolvemento do que só foi xerme no libro de Ramón, a parte VIII, «o noso caso», após contar con organización e experiencia política netamente nacionalista, concretamente a partir de 1931. ●



**Estrela debuxada por Ramón Vilar Ponte no encabezamento dunha carta**

Recollida da exposición «SAÚDE E TERRA, IRMÁ(N)S! Centenario das Irmandades da Fala 1916-2016» organizada pola Real Academia Galega, a Deputación da Coruña e o Museo do Pobo Galego e deseñada por Pepe Barro

# **Doutrina nacionalista**

Ramón Vilar Ponte (1921)

27	<b>Introito</b>
28	<b>Palabras limiares</b>
29	<b>I. Conceptos xerais</b>
32	<b>II. Nacionalismo, pacifismo e internacionalismo</b>
38	<b>III. As características do nacionalismo</b>
40	<b>IV. O nacionalismo e a cultura</b>
41	<b>V. A lingua como fundamento primordial da nacionalización</b>
44	<b>VI. Compatibilidades e beneficios do nacionalismo</b>
47	<b>VII. Obxeccións e reparos</b>
56	<b>VIII. O noso caso. O caso de Galiza</b>

NOTA: Para a reprodución de *Doutrina nacionalista* seguimos o libro *Textos filosófico-políticos de Ramón Vilar Ponte (Volume I)*, a cargo de Xesús Blanco Echauri, María Pilar García Negro e Goretti Sanmartín Rei, Deputación Provincial de Lugo, 2006.

A conciencia dunha sentida comunidade de raza,  
imponlle ao autor a obriga inescusábel de dedicar este  
traballo, ateigado de santas intencións, ás nacionalidades  
célticas: o Highlands, a illa de Man, a Irlanda,  
o Gales, o Cornwall, a Bretaña e mais o Portugal.

Con todo o agarimo da miña alma dedico este traballo,  
froito dunha arela francamente arredista, a meu irmán  
Antón, non só por ser irmán dobremente, no sangue  
e na sacra idea, senón tamén por ser o meu mestre.

O autor

## INTROITO

Les paraules que em demaneu no seràn un próleg. Jo no sabria trobar el moment en la meua vida complexa i atafegada per a aplegar aquelles dades que constitueixen matèria indispensable de la literatura d'introducció als llibres; vull solament posar-hi com un crit de proclama.

Vosaltres, a l'extrem d'Espanya, haveu retrobat consciència de vosaltres mateixos i, com nosaltres els catalans, sentiu el vostre nacionalisme. Jo crec que furgant, furgant, no hi ha terra ibèrica que no trobi dintre seu aquest jo alliberador. La unitat nacional és una ficció proclamada en la oratòria patriòtica, no una realitat. S'ha volgut a posteriori regular per aquest concepte modern el procés de la història d'Espanya, i aquesta ficció desapareix quan s'examina la realitat present o la passada.

Respecte la Espanya cristiana, escrivia no fa molt un savi professor de la Universitat de Madrid en una publicació científica impresa a càrrec d'un del organismes estatals:

Un mateix tòpic ho regueix tot: és la lluita contra el moro, l'epopeia dels set segles, eix i raó final per a una simplificació històrica, molt a gust dels nostres estímuls passionals, però que la realitat no sempre justifica. Es volt presentar un poble espanyol reconquerint el perdut país, quan de fet la seva pèrdua fou tant sols pels gots fugitius i per al seu govern; de més, el concepte d'unitat nacional, entre nosaltres al menys, apareix d'antic com una simple fórmula de servitud i explotació. La nostra unitat fou imposada una i altra vegada,

sota els romans, sota els gots i sota els alarbs, per a regular les operacions del fisc. El poble espanyol potser no va tenir concepte nacional fins els temps moderns, i certament que no el té encara complet. Una Espanya com ideal collectiu, tant sols en desig, potser no ha existit mai; puix que a través d'opressors i governants que forjaren la seva història política i els seus contorns, trobem sempre de regió en regió al demos revel i esquiu, desorganitzat, però seguint ferm el seu camí, potser sense variació des dels temps més remots, i segons les orientacions que el se geni de raça li imposa.

He preferit cercar en una publicació oficial i traduir aquestes paraules que potser a mi em fóra vedat el dir-les.

Doncs bé: manifestació clara, concreta i metodització d'aqueixa realitat, fou el llibret *La Nacionalitat Catalana* d'En Prat de la Riba, i ho és el vostre que aneu a publicar. Existeix una nacionalitat gallega con existeix la nacionalitat catalana, vives y exigents, imperants, com éssers vius.

Tota política que desconegui aqueixa realitat serà política d'opressió, mermarà i anullarà quelcom que reclama l'amor de tots. Com en el temps romà, com en el temps got, governarà un invasor reduït en nombre contra el país i sos pobladors; uns pocs suplantaràn la vida collectiva de la majoria.

Contra aqueixa unitat artificial d'administració n'hi ha una altra de real, plena d'amor i afecte. Jo, català, recordo en aquest moment un viatge a Galícia, a la amorosa Galícia. Jo, català nacionalista, escric i no sé vessar en la meua

ploma tot el sentiment que m'imposa la vostra terra melangiosa.

I em pregunto, quina unitat fóra més forta, la actual fèrrea, simulada, unitat de mort, unitat grisa que ens sembla decadenes, o una unió federativa

que portés a la realitat política això que presentim i que a distància ens uneix ja a vosaltres nacionalistes gallecs i a nosaltres nacionalistes catalans?

Que sigui en l'esdevenidor la llibertat la que crei els vincles que ens enllacin.

José Puig i Cadafalch

## PALABRAS LIMIARES

Desde hai longo tempo bulía dentro de min o desexo de facer algo; no meu cerebro buligaba o pensamento de plasmar en palabras impresas, que todos puidesen ler, que se achasen ao alcance de todos, as arelas que o abalaban. E este desexo áchoo hoxe realizado. Ben ou mal? Este é o problema. A resposta, a solución axeitada téñena todos aqueles que lean as liñas que seguen. Do acerto ou desacerto dos meus propósitos, eles dirán.

Teimeí de ser claro, conciso e, polo mesmo, traballei por que as miñas ideas se amosasen aos ollos dos lectores despidas de todo floreo e adobío, sen máis compostura que aquela que o bo entender esixe en traballos deste xeito.

Defectuosas ou non, as miñas páxinas teñen a virtude de seren algo así como a concreción dos sacros ideais que, a íntima introspección do propio eu, dunha banda, e da outra, as proveitosas

lecturas de libros maxistrals e egrexios, xuntamente cunha forte consciencia nacionalista galai-ca, crearon en min, determinando unha personalidade todo o modesta que queirades, mais tamén o suficientemente orgullosa da súa estirpe e dos propósitos redencionistas que a moven, para non pedir a ninguén perdón do que algúns, quizais por dicir algo, non deixarán de chamar un rexo afiuzamento.

...Pidamos que estas páxinas dun escuro nacionalista sirvan como de aguillón para obrigar os que, podendo e tendo autoridade, permanecen calados por mor dunha infecunda e mal entendida modestia, a non deixaren inéditas as producións dos seus maxíns con prexuízo e dano do sacro ideal que cobizamos, e polo que vimos loitando sen acougo todos os que nos honramos co apelativo de nacionalistas.

## I. CONCEPTOS XERAIS

**Que se entende por nacionalismo?**

Nacionalismo é unha doutrina ou, mellor aínda, un corpo de doutrinas que fan referencia ao restabelecemento de todos os dereitos e prerrogativas que a un pobo libre e soberano de si mesmo lle corresponden, así como tamén ao desenvolvemento de todas as manifestacións da súa vitalidade e ao desenvolvemento de todas as súas actividades.

Noutros termos: o nacionalismo é o berro que un pobo que se sente capacitado para gobernarse a si mesmo, sen tutorías alleas, ceiba, co fin de que o Estado que lle vén servindo de tutor e sen guía o reconeza como maior de idade e, por tanto, en disposición de rexerse a si mesmo.

**En que sentido se emprega aquí a palabra «pobo»?**

Esta palabra emprégase, non como expresión dunha xuntanza máis ou menos grande de familias que, pola circunstancia de viviren dentro da mesma demarcación, teñen comunidade de pequenos intereses localistas, de cuxa defensa e conservación se acha encargado o que poderíamos chamar supremo poder harmónico, enxebre persoeiro da primeira manifestación colectiva dos pobos, ou sexa o Municipio; senón como expresión dun conxunto máis ou menos numeroso de xentes que, aínda que arredadas unhas doutras por viviren en diferentes localidades e tendo, polo mesmo, diferenzas de intereses localistas, se achan, emporiso, fortemente ligadas polos rexos vínculos da raza, os costumes, a lingua, os caracteres mesolóxicos, o dereito etc. etc. Noutros termos, a palabra «pobo» vén sendo empregada no sentido representativo de «nacionalidade».

**Que é, pois, a nacionalidade?**

A «nacionalidade» é unha sociedade de xentes que, por viviren e naceren dentro dun territorio que ofrece homoxeneidade, isto é, unidade de caracteres xeográficos e mesolóxicos (unidade de clima, de produción, de ambiente etc.) se achan tamén unificadas pola lingua que empregan, o que determina un espírito unificado que fai que a nacionalidade sexa a xeito dunha alma colectiva, e que como tal alma teña as facultades propias de querer, sentir e pensar. A «nacionalidade» é unha personalidade colectiva perfectamente diferenciábel das outras personalidades da mesma índole, e, máis que por nada, principalmente, por ter un espírito, unha alma súa, soamente súa que, ao desenvolverse, dá marxe a unha cultura propia, que é o que fai que a nacionalidade se defina tamén como unha unidade de cultura.

En termos máis sinxelos, podería dicirse que a «nacionalidade» –nacionalidade que é o mesmo que nación– é un anaco territorial, máis ou menos grande, dentro do que existe unidade case perfecta, o mesmo no que fai referencia á terra –accidentes xeográficos, producións, etc.– que no que é produto indirecto dela e por ela é conformado e moldeado, isto é, o home con todas as súas características e con todas as súas creacións.

Primitivamente a palabra «nación» empregábase no sentido de lugar onde nacía un. Empregárona así os romanos; así se ve empregada

máis tarde polos clásicos da literatura castelá. Ao facelo deste xeito obraban respondendo á etimoloxía do termo, que vén do verbo latino *nascor, nascere*: nacer.

A nación, considerada en abstracto, é algo permanente, fixo e estático, que non responde na súa estrutura e conformación a creacións humanas senón que vén a ser o reflexo dunha vontade superhumana e, polo mesmo, que se acha por cima dos desexos e determinacións dos homes. Así temos o caso de nacionalidades esnaquizadas polas cobizas imperialistas doutras máis poderosas e que, ao cabo de certo tempo, cando xa se podería xulgar que desapareceran definitivamente, volveron xurdir tan unidas e compactas como denantes da súa conquista e reparto.

Derradeiramente, a nación ou a nacionalidade –para o caso é o mesmo– é a patria, da que non poden existir varias clases, posto que, ao igual que sucede na orde dos individuos coa nai ou co pai, é única. Expresado en termos vulgares, o concepto de patria pode representarse dicindo que é a rexión na que todas as súas características esenciais forman unha unidade de alto relevo, determinante por tal causa de fronteiras que ningún poder político é capaz de achaiar, o que fai que os nados dentro delas teñan unha personalidade inconfundíbel, e que a despeito de todas as absorcións e por riba de todos os asimilismos elas indiquen decote a existencia dun pobo con dereito á vida libre e independente. Todo territorio que se non ache nestas condicións, isto é, incluído naquela unidade de que falamos, de ningún xeito poderá ser a patria. Esta, por riba de todo, fai destacar o seu carácter de permanencia, de fixeza, de estabilidade inalterábel, de superación da vontade humana –decote fráxil e mudábel– como algo que só a ela lle pertence exclusivamente e, polo mesmo, que a caracteriza dun xeito fondo, facéndoa unha e única, incompatíbel, por iso, co establecemento –por moitos vivos e parvos pretendido– de categorías dentro do concepto indivisíbel de patria.

### **E o termo «Estado» que quere dicir?**

Este termo representa unha creación totalmente humana. Así como acabamos de dicir que a nación se acha por riba dos designios humanos e que, polo mesmo, en moitos casos prevalece a despeito deles, aínda contra eles, podemos dicir do Estado que, só pola vontade humana, permanece e se impón, dependendo dela exclusivamente e sendo en absoluto froito directo do querer dos homes e, polo mesmo, variábel e modificábel ao seu antollo e decisión.

O Estado pode dicirse que é o mecanismo que rexe a vida toda dunha ou de varias nacionalidades axuntadas, ben pola imposición dunha máis forte que asoballa as demais, ou ben en virtude da mutua conveniencia das nacionalidades axuntadas, conveniencia que as levou a estableceren unha entidade superior a todas elas, que ten de regular, non só as súas relacións recíprocas, senón tamén as relacións do conxunto de nacionalidades, cuxa fórmula expresiva de xuntanza e de harmonía é o Estado, cos outros Estados alleos.



**E non podería definirse doutro xeito o Estado?**

Indubidabelmente. Pódese dicir que é un conxunto de organismos que se nutren reciprocamente uns doutros, e que, polo mesmo, se achán en relación continuada, formando un todo perfectamente articulado e flexíbel, segundo as circunstancias.

O Estado é tamén o conxunto de organismos que, relacionándose entre si, rexen os pobos que se achán dentro del e determinan as vías por onde eles teñen de marchar.

**O Estado presupón decote a existencia dunha nacionalidade?**

Si, polo menos dunha. Porque como dicimos na pregunta penúltima pode darse o caso dun Estado que abrangan dentro de si varias nacionalidades, que é o que, cabalmente, sucede con España, o Estado a que pertencemos os galegos; así como tamén pode suceder que a un Estado corresponda unha soa nacionalidade. Tal é o caso de Portugal.

**Como se explica aquilo de que as nacionalidades que convivan dentro dun Estado poidan acharse dentro del pola imposición ou ben pola mutua conveniencia delas?**

Moi sinxelamente. A maioría dos Estados actuais, cuxa formación definitiva se remonta ao século XIX, teñen como motivo creador o afán imperialista dunha nacionalidade ou dunha raza, ou ás veces dunha cidade que, aproveitándose da debilidade que circunstancias diversas puidesen ocasionar nas nacionalidades veciñas, botou sobre elas a súa forza material, asoballándoas e impóndolles o seu dominio tiránico, aínda que este dominio na maioría das veces vaia disfrazado coa letra de constitucións estatais, tapadeira que, polo regular, só serve para disimular mellor o asoballamento e a hexemonía da nacionalidade directora.

Noutros casos –estes son os menos– o Estado é constituído pola vontade ceibe e soberana de varias nacionalidades, que se serven daquela creación como vínculo de xuntanza para mellor poderen atender a súa conservación e defensa fronte as cobizas de nacionalidades fortes, ensoberbecidas e abufinadas polos insáns degoiros imperialistas.

Como xa dixemos denantes, hai tamén Estados que, dentro da súa armadura, non comprenden máis que unha soa nacionalidade, sen que isto queira dicir que, primitivamente, tal Estado non puidese comprender máis dunha nacionalidade. E máis que nacionalidades formadas, xermes de nacionalidades que, denantes de abrangueren o seu total desenvolvemento, ficaron absorbidas polas máis fortes e completas; pois moi facilmente puido darse o caso de que nos seus comezos o Estado en cuestión comprendese varios pobos e, entre eles, un dotado de gran forza de absorción, forza que, axudada por unha gran diferenza de nivel cultural, puido determinar, ao cabo de tempo máis ou menos longo, a absorción de todos aqueles pobos polo superior que á volta da roda dos anos ou dos séculos veu rematar mostrándose non, como era primitivamente, senón como unha concreción das calidades e características dos pobos absorbidos mais as súas propias.

**E non hai Estados que se non achán nos casos sinalados?**

Si; estes son os Estados feitos por anacos de nacionalidades, os Estados creados polos intereses das grandes potencias –os máis artificiosos de todos–, os Estados cuxa creación non responde á forza imperialista nin ao poder de absorción nin á conveniencia mutua das

nacionalidades integradoras, senón á razón da *sinrazón* das secretas conveniencias e combinacións diplomáticas. Como exemplo deles pódese citar Bélxica. Tales Estados, como toda creación puramente artificiosa, adoecen de pouca firmeza e, na maioría dos casos, a súa vida áchase decote ameazada polas mesmas combinacións e esixencias diplomáticas que determinaron a súa formación. O que se explica, toda vez que non responde a ningunha realidade senón a necesidades do momento, efémeras e circunstanciais.

**Que é iso do imperialismo, citado denantes?**

Pois o imperialismo é a tendencia dun Estado a facerse grande a costa doutros, ou por medio da expansión colonial, valéndose para iso, principalmente, da forza bruta. É o propósito dun Estado de cimentar a súa grandeza na expansión territorial, sen reparar para iso nos medios, por reprobábeis e inxustificados que semellen. Podería dicirse tamén que imperialismo é a cobiza, condenábel decote, que un Estado sente de facerse grande e potente, non polo propio esforzo e como resultado do traballo ennobrecedor, senón valéndose do sacrificio e do asoballamento dos máis débiles, para sobre eles erguerse como amo único e dono absoluto.

**Entón o imperialismo será cousa reprobábel?**

Forzosamente ten que selo xa que se non afinca no dereito dos pobos a seguiren libremente a súa sorte, senón en todo o contrario, sendo os seus fundamentos capitais a opresión, o asoballamento, a tiranía nunha palabra, conceptos todos eles que levan en si a negación do inalienábel dereito que os pobos, como os individuos, teñen a rexérense e gobernárense a si mesmos. En resumo, o imperialismo vén a ser a imposición brutal da forza como expresión suprema de dereito e de xustiza.

## II. NACIONALISMO, PACIFISMO E INTERNACIONALISMO

**O nacionalismo é antiimperialista?**

O nacionalismo non só é antiimperialista senón que é tamén a negación do imperialismo. Sendo, como é, na súa esencia, reintegración de cada pobo ás súas fronteiras naturais; aos lindeiros que forzas superiores á vontade humana marcaron con trazos indelébeis; mantemento da pureza da raza e da idiosincrasia dun país con todo o que a elas pertence, sen mesturas alleas e sen inxerencias estrañas, o que presúpon un aproveitamento completo da soberanía sen máis mediatización, e sen máis controis que aqueles que naturalmente esixe a confraternidade universal, ten que ser forzosamente a negación rotunda do imperialismo que, descoñecendo todo isto ou pretendendo descoñecelo, non invoca máis razóns que as da forza ou as dunha mentida superioridade –sexa cultural, sexa económica, sexa política– para arrebatarse ás nacionalidades o sacro dereito que, como os individuos, teñen a dispor de si mesmas, sempre e cando esta disposición non ocasione o prexuízo e o dano para os demais.

E aínda cando do dereito inalienábel que os pobos teñen a dispor de si mesmos puidesen seguirse por mor dalgũa nacionalidade danos para as demais, non por iso a nacionalidade que os ocasionase podería ser privada do seu dereito; podería ser castigada, sometida a corrección, máis nunca privada daquilo que por lei natural e superhumana lle corresponde.

**O nacionalismo é oposto á chamada política colonial?**

Si. Por máis que para xustificar a tal política se invocan esixencias de civilización, desexos nobilísimos de levar o adianto e o progreso aos pobos atrasados e outras trécolas semellantes, tales argumentos non son máis que iso... trécolas. De non selo, ¿como se comprende que un Estado que acomete unha empresa civilizadora lle non dea remate cando os fins perseguidos e que serviron de bandeira á empresa se achan cumpridos? Como podería explicarse, por outra parte, o caso de existiren nacionalidades que sigan ostentando a condición de colonias sendo que superan, ou polo menos igualan, ao Estado cuxa fachenda e cuxo orgullo gardan proporción co número de colonias que a súa soberbia pode mostrar aos demais Estados para que neles xurda a envexa e a admiración?

A política colonial, en contra do que digan os pseudo-amantes da civilización, foi, é e será decote política de opresión, de asoballamento, de tortura e de aniquilación de pobos.

**Non hai posibilidade de conciliar a política colonialista e o nacionalismo?**

De ningún xeito xa que a política colonialista consiste, por parte do Estado que a exerce, en privar outros pobos do seu autodomínio e do exercicio da súa vontade –corolario este daquel– para trocalo por un poder e unha vontade alleas, procedemento que, como xa máis atrás fica dito, é completamente oposto á esencia do ideal nacionalista, posto que este ideal se afinca no máis estrito respecto á vontade de cada pobo.

**Logo o nacionalismo é ideal de liberdade?**

Sen dúbida ningunha. Para o nacionalista esta é a primeira e a máis imperativa esixencia. Afincándose toda a súa doutrina no máis completo disfrute da liberdade e arrincando esta do individuo, feito por tal circunstancia soberano e señor de si mesmo, vai completarse na total liberdade da nación, que vén a ser como a definitiva concreción das respectivas liberdades dos individuos que a compoñen e que non son outra cousa que a xeito de células integradoras daquel grande organismo.

**Tendo en conta o devandito pode dicirse que o mundo se acha moi afastado da realización do ideal nacionalista?**

Desde logo que si. Para que se non achase sería preciso que os grandes imperios, que desgrazadamente aínda vemos hoxe ergueitos, desaparecesen para que no seu lugar xurdisen os pobos ceibes, sen donos, entregados ao desenvolvemento das súas múltiples actividades, en pleno puxilato, nobre e lexítimo, do traballo, sen o temor ás brutais agresións que a insá cobiza imperialista fai hoxe temer, co que terían de desaparecer as innumerábeis cargas que impón a necesidade da defensa contra posíbeis agresións.

**É pacifista, por conseguinte, tal ideal?**

É pacifista porque, sendo unha das principais causas da guerra entre os Estados, ou quizais a única, o desexo de alimentar o propio territorio a conta do territorio dos demais Estados, dando deste xeito satisfacción á arela pouco nobre de acrecentar o número de súbditos para así poder non só contar con máis concorrentes ao pago de trabucos senón tamén con máis seareiros a quen colocar os produtos da industria propia e por ende máis carne de canón para o caso dun conflito; e condenando o nacionalismo todo iso, e opóndose a todo iso, e querendo ollar só pobos ceibes dentro das súas fronteiras naturais, vivindo a súa vida natural en relacións da máis ampla fraternidade cos veciños, vén facer imposíbeis ou case imposíbeis as causas que até o presente viñeron determinando todos os conflitos, co que ben claramente se mostran as súas tendencias pacifistas.

**Mais, non sería mellor como procedemento para xuntar os pobos facer que as fronteiras diminuísen en troques de amentalas, que é o que semella pretender o nacionalismo?**

Se as fronteiras das nacionalidades –referímonos, claro está, ás que os homes non puideron nin poderán endexamais borrar– fosen algo que respondese ao capricho da vontade humana; se as diferenzas que se atopan entre uns países e outros, aínda sendo veciños, fosen susceptibles da desaparición; se a terra nas súas múltiples variedades que determinan tantas clases de ambientes e cos ambientes desiguais tantas producións, tantos climas, tantas falas, tantos tipos raciais desemeillantes e diferenciados, ofrece a posibilidade de se poder reducir á uniformidade máis completa; se toda a humanidade, nunha palabra, puidese moldearse novamente reducíndoa a un tipo único, universal, que tivese como asento unha terra disforme dotada da homoxeneidade máis completa, entón si que sería obra meritoria o traballar pola diminución das fronteiras, posto que co tempo, e rematando como remataría por imporse este que poderíamos chamar ideal de nivelación ou de uniformación universal, a terra ofreceríase como un Estado amplísimo que, por non ter segundo, veríase libre dos conflitos que a miúdo se suscitan entre os Estados mundiais e, polo mesmo, podería desenvolverse o seu vivir na paz máis completa e total.

Máis a realidade mostra que este soño non é posíbel. A realidade di que axentes superiores ás forzas humanas impoñen esta diversificación que ollamos, diversificación que, despois das grandes mudanzas que o factor tempo de consuno co factor home impuxeron, aparece xa como definitivamente cristalizada nas actuais nacionalidades que integran o mundo, e que, polo mesmo, por riba de todos os intentos e de todos os propósitos dos homes, a diferenciación e a variedade terán de subsistir entre os pobos, e con elas a multiplicidade de caracteres que fixan con xeito permanente as fronteiras, os lindeiros naturais, dentro dos que, cada pobo ten sinalado, entrementes exista como tal, o lugar para desenvolver a súas actividades e as súas iniciativas.

Por conseguinte, pretender que chegue un tempo en que todos os pobos se midan por un criterio común é pretender un absurdo, xa que ao non desapareceren nin ser posíbel que desaparezan entre eles as diferenzas fillas da terra, que plasma ao home facéndoo á súa

imaxe e semellanza, cada país terá esixencias diferentes e necesidades desiguais que os obrigarán a seguir unha vida propia, particular, sen semellanza coas demais, vida que impoñerá como corolario dela mesma un goberno especial axeitado aos seus caracteres e, polo mesmo, nada semellante aos doutros pobos que sexan diferentes.

Tendo isto en conta compréndese como o nacionalismo é máis lóxico que aquel outro intento, hoxe xa case desbotado aínda por aqueles que até hai pouco o sostiñan, do abatemento das fronteiras. E é máis lóxico, porque o nacionalismo se amolda á realidade, se non afinca en quimeras senón no exemplo tanxíbel dos feitos latexantes. E partindo do que existe, daquilo de que se non pode prescindir, encamiñase á construción dun mundo no que, sendo cada pobo amo e señor da súa casa, isto é, dentro do seu territorio, poida ser como cidadán exemplar da gran cidade do mundo, fiel observador dos seus deberes na gran sociedade das nacións, (comprenderá o lector que non nos referimos a esa cousa bufa, vergoñenta e ridícula a que deu orixe a paz de Versalles<sup>1</sup>) que, tarde máis ou tarde menos, terá de facerse, dando marxe deste xeito ao troco do soño de tantas xeracións en realidade: á paz universal.

Por outra parte, o nacionalismo é unha tendencia construtora, de xeito positivo. Tendo en conta que o erguemento da paz universal só será algo firme e duradeiro sempre e cando se afinque sobre sólidos cimentos, atende, primeiro que nada, a facer que estes sexan firmes e duros, como deben ser. Non destrúe, crea, e mellor aínda que crear, restaura; obriga a correr as augas desviadas polas canles naturais. E para preparar a grande obra, a paz universal, teima en reconstruír as nacionalidades –reconstrución que, como é natural, orixina o derrubamento dos imperios, primeira condición para a tranquilidade mundial– sabendo de antemán que, unha vez reconstruídas e restauradas no seu autodomínio, a tendencia imperialista desaparecerá do mundo, e con ela, en principio, o xerme das loitas e dos asoballamentos, posto que o interese de cada nacionalidade restaurada, a súa propia conveniencia e a súa arela de seguridade serán unha garantía contra posíbeis agresións. E máis aínda se se ten en conta que co renacer do sentimento nacionalista nos pobos terá de xurdir unha nova concepción do dereito deles á súa soberanía, e con ela, como derivación dela, novos sentimentos de respecto, de confraternidade e de consideración no trato internacional.

**Logo, de triunfar o nacionalismo desaparecerán moitos vellos valores que hoxe aínda se impoñen, até o extremo de trazar normas e marcar condutas?**

Claro que desaparecerán, posto que o sentimento nacionalista e incompatible con eles e, polo mesmo, o seu afincamento esixe que os aludidos valores desaparezan. Así, por exemplo, os exércitos permanentes que hoxe constitúen unha carga pesadísima para os Estados non terán razón de ser desde o momento en que, por virtude do dereito dos pobos a dispoñeren libremente de si mesmos, non haxa que temer atentados

---

<sup>1</sup> O autor refírese ao tratado asinado o 18 de xuño de 1919, após o desenlace da I Guerra Mundial, entre Alemaña e as potencias aliadas, que obrigaba a aquela a pagar a estas as reparacións da guerra e supuña devolucións territoriais a Francia, Bélxica e Polonia.

á vida libre das nacionalidades, nin empresas de conquista que levar a cabo. Asemade, coa fixación definitiva das fronteiras propias de cada nacionalidade estas terán que contentarse cos lindeiros que a xeografía, a raza, os costumes e os demais axentes superhumanos lles trazaron, sen pensaren en expansións territoriais que contraveñan o imperativo categórico da acción mancomunada dos aludidos axentes e que, polo mesmo, sexan unha violación das leis naturais, eternas e inmutábeis.

**Mais sendo as nacionalidades reflexo colectivo da acción individual, non poderá haber pobos que pretendan, pódose á marxe de tales leis naturais e choutando por riba de todos os imperativos –ao igual que sucede hoxe cos individuos– contravir tales leis, para daren satisfacción ás súas intencións malévolas?**

Aínda que dificilmente, podería suceder; mais para evitalo está o interese de todas as outras nacionalidades que se non achen neste caso, o egoísmo natural e lexítimo de cada unha; e este interese e este egoísmo, certamente ben xustificados e lexítimos, obrando axuntados, obrigarán a cada nacionalidade a se converter nunha defensora, non só da propia autonomía senón da allea, en cuxa conservación inalterábel elas terán de ver decote a seguranza do mantemento da propia. E nestas condicións unha nacionalidade calquera, aínda supóndoa dotada das máis perversas intencións, terá moi bo coidado de conterse e non liberar os seus desexos insáns ante o temor de suscitar a xenreira e o castigo que as demais tratarían de imporlle.

Deste xeito, aínda aqueles pobos máis contaminados de afáns ilexítimos, moitas veces por mor de sangue e de raza, obrigados polo temor á xustiza dos máis, irán paseniñamente perdendo as súas tendencias comprometedoras, para apareceren trocadas pola acción do tempo e pola forza do exemplo en verdadeiros modelos de países libres e verdadeiramente respectuosos para os dereitos dos demais.

**E ese despertar nacionalista preciso para chegar a tal situación non será cousa utópica e polo mesmo irrealizábel?**

Os feitos, e non hai nada que fale como eles, din claramente que non. Hoxe, precisamente, o feito nacionalista, que unha vez máis nós condensamos naquela fórmula: «a cada pobo as súas fronteiras propias», áchase admitido, aínda por aquelas doutrinas que non hai moito o combatían de xeito rexo por consideralo oposto ao ideal de pacificación e fraternidade universais. Os sustentadores de tales ideas non tiveron máis remedio que variar de opinión ao pasaren do terreo das abstraccións ao terreo das realidades. Así, por exemplo, o bolxeviquismo –na actualidade a doutrina onde converxen todas as opinións que se din máis avanzadas do mundo– por boca do seu principal definidor e pontífice, Lenin<sup>2</sup>, di que se non pode menos

---

2 Lenin. Vladimir Ilich (1870-1924). Gran continuador da obra de Marx e Engels, fundador do Partido Comunista da Unión Soviética e do Estado Soviético. Desde novo, estuda o marxismo e incorpórase á loita política. O seu papel é fundamental na elaboración creadora de todos os aspectos da teoría marxista aplicada á nova situación histórica e na aplicación concreta desta teoría ás condicións da Rusia da altura, así como ás condicións do movemento obreiro internacional. Arrequeceu o marxismo con magnas aportacións, polo que é de xustiza falar, a partir del, de marxismo-leninismo, como teoría e como praxe revolucionarias. Son especialmente relevantes os seus traballos sobre a cuestión agraria e sobre as características da fase superior do capitalismo. Expuxo a súa análise científica do imperialismo na obra *O imperialismo, fase superior do capitalismo* (1917). Lenin revelou que os monopolios constitúen a base máis profunda do imperialismo e mostrou como na época imperialista se forma o sistema capitalista de economía mundial e a explotación do

de recoñecer o sacro dereito dos pobos a dispor de si mesmos, e que non hai ningún principio liberal que xustifique a oposición ao desexo dun pobo de ser ceibe e de gobernarse a si mesmo pola súa propia vontade segundo as condicións e segundo a propia natureza. A Terceira Internacional, verdadeiro coco de todas as nosas clases conservadoras e burguesas, proclama entre os seus principios básicos o das nacionalidades e en consecuencia ofrece a liberdade para os pobos asoballados e oprimidos. Así poderían multiplicarse os exemplos, pero abonda.

Só as vellas escolas ideolóxicas, nadas no vergoñento século pasado, se mostran inimigas, se non claramente, dun xeito disimulado, de que os pobos dispoñan con liberdade dos seus destinos e que, polo mesmo, vivan ceibes e sen opresións. Tal inimiga é moi natural, posto que as aludidas ideoloxías foron concibidas en momentos en que a febre do imperialismo consumía os países en que tiveron o berce.

**De xeito que, segundo o devandito, o nacionalismo é compatible con todos os ideais?**

De certo, nalgúns aspectos así é. Por isto ocorre moitas veces o atopar dentro da masa ou xuntanza nacionalista dun país asoballado, en fraternal convivencia, elementos que significan as tendencias máis opostas dentro da orde relixiosa, económica, social etc. O agarimo e o interese e entusiasmo que a terra nai forzosamente ten que despertar nos seus fillos, se non opón en nada a que o pensamento destes siga as máis variadas direccións. E como este agarimo e este interese e entusiasmo, desenvolvéndose e teimando en adquirir enerxías cada vez maiores que convertan a Patria nun orgullo lexítimo e verdadeiro dos seus fillos, é o nacionalismo convertido por razóns de táctica proselitista en doutrina, velaí porque no nacionalismo poden convivir, sen molestárense para nada, individuos que se achan moi lonxe de pensaren o mesmo en certos aspectos completamente independentes e alleos ao sentimento da patria.

A tales individuos xúntaos a arela de liberación da terra. Para a consecución de tal fin hai un programa cuxos puntos é mester cumprir se se quere abranguer o triunfo. E estes puntos son os que, sen afectar para nada ao pensamento individual, todos os que os subscriben cóidanos imprescindíbeis –e en realidade sono– para chegar á solución do problema. Ademais, os individuos nacionalistas, sen necesidade de prescindiren de certas opinións particulares, levan por

---

traballo polo capital complementábase coa explotación dos pobos coloniais e semicoloniais polo capital das metrópoles. Importantísima é a contribución de Lenin ao desenvolvemento da economía política do socialismo e do comunismo. Proclamado o Estado Soviético en 1919, baixo a súa dirección o Partido Comunista elaborou o plano da transformación radical do país, o plano de edificación do socialismo. Defendeu a coexistencia pacífica entre Estados e resulta imprescindible, na filosofía política contemporánea, a súa aportación sobre as nacionalidades (ou nacións non emancipadas) e os seus dereitos políticos. Da súa vasta obra, para alén da citada, indicaremos só algúns títulos principais como: *O desenvolvemento do capitalismo en Rusia* (1899); *Un paso adiante e dous pasos atrás* (desde 1904); *Materialismo e empiriocriticismo* (1909); *O Estado e a Revolución* (1917); *O esquadismo, enfermidade infantil do comunismo* (1920) ou *O dereito das nacións á autodeterminación* (1920).

dian­te sabido que, para que aquelas se achen máis perto da súa reali­zación, non é obstáculo, senón todo o contrario, isto é facilidade, que a terra en que foron nados sexa dona dos seus destinos.

Por iso, ao mesmo tempo que traballan pola realización dos seus ideais, desenvolven o seu labor resoltamente porque a nacionalidade a que pertencen poida abranguer a súa liberdade plena, liberdade que, ao ser abranguida, terá de recoller a satisfacción de todas as súas arelas particulares pospostas, polo momento, á realización do fin primordial.

Sintetizando o devandito: é algo semellante ao que ocorre nunha guerra, cando os exércitos estranxeiros invaden un país neutral e alleo aos fins da loita. Todos os seus súbditos depoñen as diferenzas comúns para atenderen, exclusivamente, aos fins da defensa do propio chan, e por ende dos propios intereses ameazados pola invasión. Axúntanse nunha fronte única que é froito da comunidade do perigo que por igual ameaza a todos, para tornaren cada un ao seu campo e á defensa do respectivo ideal tan axiña como se ve distante a ameaza.

### III. AS CARACTERÍSTICAS DO NACIONALISMO

**Cales son as notas principais, típicas, que determinan o carácter do nacionalismo, facéndoo incompatíbel con calquera outro sentimento e, polo mesmo, algo non soamente ben diferenciado senón tamén perfectamente orixinal?**

En primeiro lugar a adhesión, o agarimo rotundo, decidido, sen condicións e sen salvidades á nacionalidade en que se nace, conxunto de factores que, para seren deseñados máis propiamente, pódense chamar o «patriotismo».

Do patriotismo, primeira característica do nacionalismo, pódese dicir tamén que veu a ser aquela lóxica e natural exaltación do amor á terra natal, que se manifesta nos individuos desde o momento en que se decatan, sexa intuitiva ou reflexivamente, de que a nacionalidade en que foron nados non foi nin é tan só o chan en que rolou o seu berce senón moitísimo máis, até o punto de que nin un momento deixa de actuar sobre os individuos moldeándoos dun xeito inacougábel á súa imaxe e semellanza, para facelos cada vez máis diferentes aos alleos, e por conseguinte cada vez máis seus, máis identificados con ela.

Resumindo, o patriotismo nacionalista, único que se non paga con algareos e berros, senón unicamente con feitos, pode definirse como o xermolar da conciencia dunha íntima, estreita e total comunidade entre nós e a terra nai –a nacionalidade a que pertencemos– comunidade que nos fai fitar nela como un desdobra­mento multiplicado de todo o que nós somos; circunstancia que leva naturalmente, sen violencia ningunha, ao ofrendarlle a flor dos nosos mellores esforzos para velos recompensados co seu engrandecemento que por reflexo temos de ver, logo, reproducido en nós.



**E esta identificación incondicional e total coa nosa nacionalidade, que o patriotismo ao xeito nacionalista é, non pode levar consigo, xa que é unha especie de egolatría colectiva, o mesmo que leva a individual: o desenvolvemento de sentimentos malévolos e prexudiciais para os demais pobos?**

Levaría sempre e cando o nacionalismo fose exclusivismo, encollemento de ombros diante do mal alleo, indiferenza para as mágoas das outras nacionalidades. Mais o nacionalismo non é nada diso senón todo o contrario. Aínda pónonos no terreo do oportunismo, prescindindo polo mesmo da consideración, acatamento e respecto á liberdade dos demais que o nacionalismo crea nos pobos onde se afinca; pola propia conveniencia, sen invocar outros fundamentos, a mesma causa que impele a unha nacionalidade a axexar por que o seu autodomínio non sufra minguas que rematarían por levala ao estado de escravitude e asoballamento, impélea tamén a preocuparse da sorte das nacionalidades máis próximas, xa que de sufrir algunha ou algunhas desas minguas na liberdade que viñesen gozando, estas minguas, ao longo, rematarían por recaer nela, póndoa en transo de nova vasalaxe.

Deste xeito, aínda que en determinados casos non sexa o altruísmo o móbil de moitas accións louvábais, véno a ser a propia conveniencia. E o temor á perda do propio goberno e dirección teñen de facer que cada unha, cada nacionalidade, se converta na máis celosa viaxante e gardiá da liberdade das máis, posto que nun concerto de nacionalidades igualmente libres e soberanas ningunha padecerá, sendo a liberdade de todas, dentro do conxunto harmónico de pobos, como a mellor garantía da liberdade para cada unha, arredadamente.

Cinguíndonos máis á pregunta da que xa nos arredabamos, insistimos en que aqueles sentimentos malévolos e prexudiciais para os demais pobos, tales como o arredamento excesivo e o illamento no trato coas demais nacionalidades –misantrópia chamariámoslle falando de relacións entre individuos–, a extinción do sentimento de fraternidade universal e das outras virtudes e calidades polo xeito que nos pobos se ofrecen como nos individuos, non poderán darse unha vez que o ideal nacionalista triunfase definitivamente, posto que o nacemento deste ideal presupón, ou mellor dito, leva implicitamente contido en si un novo dereito a base do máis cumprido recoñecemento e respecto á vontade dos pobos, ceibes e totalmente capacitados para rexérense sen tutorías; é, asemade, a base da fraternidade máis estreita, xa que o nacionalismo vai directamente á consecución da maior igualdade posíbel entre todas as nacións, desbotando, por conseguinte, os actuais conceptos, fillos da política imperialista, que determinan nos pobos o receo, a hostilidade, as arelas de dominio e de imposición etc., polo xeral causa da maioría das guerras. A tal fraternidade contribuirá á desaparición da desigualdade política actual, que virá a trocarse pola igualdade máis perfecta e positiva.

**Segundo isto, as características esenciais do nacionalismo fican, seguramente, expostas xa?**

Sen dúbida ningunha. O falar da identificación total coa patria levounos como da man a expoñelas lixeiramente todas. Mais aínda fica por expor unha característica esencialísima que, forzosamente, xorde co sentimento nacionalista nun pobo. Esta característica, beneficiosa en grao sumo, é a referente ao desenvolvemento dunha cultura propia, dunha cultura marcada co selo do pobo que a orixina e, polo tanto, inconfundíbel e reveladora dunha espiritualidade orixinal, soberana e libre.

#### IV. O NACIONALISMO E A CULTURA

**Como se explica que co xurdir do sentimento nacionalista nun pobo poida coincidir tamén a creación dunha cultura independente, autóctona?**

Explicarémonos. Unha das primeiras esixencias que un pobo, despoxo da súa lexítima liberdade –dentro do despoxo figura decote, en primeiro termo, a prohibición do uso do idioma de seu–, areloso de rescatarse de alleas influencias e de estraños e vergoñentos dominios, se impón a si mesmo, é o emprego do idioma nativo, da lingua en que, por imperativo natural, veu decote expresando os seus pensamentos e utilizándoa para a relación cos seus irmáns de nacionalidade, respondendo así ao mandato das leis naturais que se achán por riba dos homes, até o momento en que a tiranía, impóndose brutalmente, atendeu en primeiro termo, para facerse efectiva, a matar o espírito vivo daquel pobo que, como sucede en todos, latexa con máis forza e se mostra máis puxante que en nada na lingua, envoltura carnal, digámolo así, expresión material, ao fin e ao remate, do sentir, do pensar e do querer dunha raza que, como todas, alenta e vive para cumprir unha especial misión no mundo.

Toda lingua, polo mero feito da súa estrutura particularísima e diferenciada das máis, dálle ao pensamento de que ela é exteriorización, modalidades e características especiais que van traballando unha cultura inconfundíbel, orixinal, propia exclusivamente do pobo a que pertence a lingua, posto que a cultura deste, como a de todos, non é senón o resultado do exercicio das súas facultades intelectuais no cultivo dos coñecementos humanos; e como a lingua, tanto falada como escrita, é órgano axeitado para a elaboración desa cultura, velaí porque ela coas súas modalidades típicas que tanto inflúen no pensamento, até o punto de moldealo á súa imaxe e semellanza, determina tamén nesa cultura a que serve de expresión certas modalidades excepcionalmente súas, que a converten, en derradeiro resultado, nunha modalidade, perfectamente definida, da total cultura universal.

Deste xeito, como a tarefa da nacionalización dun pobo, para que sexa frutífera, ten que comezar ineludíbelmente pola creación dun pensar, un sentir e un querer propios dunha alma propia nin mediatizada nin controlada, nunha palabra, por ninguén alleo, e isto só se consegue co cultivo do idioma natural, froito inmediato da terra de que é expresión; e como todo idioma dá orixe a unha cultura, velaí porque o desenvolvemento do sentimento nacionalista dun pobo tendo como base fundamental o cultivo do seu idioma, leva directamente, a medida que o seu emprego se intensifica e perfecciona, á creación daquela cultura independente, autóctona, a que faciamos alusión na última interrogante.

**De xeito que, segundo isto, o nacionalismo lonxe de ser unha tendencia, como algúns pretenden, reaccionaria e antiprogresiva, é todo o contrario?**

Resultamente. Nada hai no movemento nacionalista dun pobo que poida tacharse de regresivo, de retrógrado, de contrario ao avance das actividades súas. A tendencia nacionalista, como xa vimos, vai buscando en primeiro lugar, o pór termo a un estado de cousas –a actual situación dos Estados– que ten como fundamento principal algo tan inxusto, pouco lexítimo e inmoral como a forza, e con ela todas as súas

derivacións, para trocalo por unha nova situación na que o dereito de cada pobo se ache recoñecido e en pleno exercicio, constituíndo o mundo, deste xeito, unha xuntanza de Estados entre os que non poida haber, como sucede actualmente, nin dominados nin dominadores e, por conseguinte, unha xuntanza na que cada pobo poida consagrarse con todas as súas forzas, libre xa das preocupacións que o axexar pola conservación da integridade da propia autonomía impón, á nobre e benfeitora tarefa do exercicio das súas actividades, contribuíndo así deste xeito á intensificación do progreso mundial.

Por outra parte, o nacionalismo ao aproveitar, como instrumentos para o seu labor de erguemento dun pobo e de creador nel dunha conciencia nacional, todas as manifestacións da vitalidade propia – verdadeiros expoñentes diferenciadores das nacionalidades e, polo mesmo, testemuños irrecusábeis dunha personalidade inconfundíbel e autónoma, que por iso se fai merecente do recoñecemento e pleno aproveitamento da liberdade total– e en primeiro lugar, como non podía ser menos, a máis alta manifestación, a fala, isto é, o espírito exteriorizado; e sendo o cultivo da fala orixe da creación dunha cultura que responde ao pensamento naquela moldeado, e medio de creación e desenvolvemento das modalidades culturais dos pobos –o que se chama en cada un a súa cultura– que xuntas constitúen a gran cultura mundial nai dos progresos, adiantos e melloras posíbeis en todas as ordes, dedúcese que o nacionalismo é, sen dúbidas, capital factor de avance e como tal oposto a toda regresión.

## V. A LINGUA COMO FUNDAMENTO PRIMORDIAL DA NACIONALIZACIÓN

**E non sería mellor para facilitar nun mañá o intercambio de relacións entre os países, prescindir do idioma cando se comeza a tarefa salvadora da nacionalización dun pobo?**

Tendo en conta que nacionalizar un pobo é crear nel unha conciencia colectiva; é facelo decatarse de todo o que é seu en exclusiva e a el pertence dun xeito singular e único, que o fai diferenciar de todos os demais, dándolle personalidade inconfundíbel, converténdoo en algo que destaca polas súas características propias dentro da xuntanza das nacionalidades que integran o mundo; tendo en conta, asemade, que a nacionalización dun pobo é unha tarefa que desde os seus comezos vai directamente encamiñada a facer que os cidadáns deste se decaten de que entre eles existen vínculos raciais, lingüísticos, mesolóxicos, de ambicións comúns e de esperanzas e de aspiracións que a todos afectan por igual; e como resulta que entre todos eses vínculos destaca, pola súa maior eficiencia e polo seu meirande valor axuntador e diferencial, o idioma, expresión tanxíbel do que hai de máis ergueito, de máis supremo na vida dun home como na dunha colectividade, de aí dedúcese que a pretensión de prescindir do idioma nun labor nacionalizador daría como resultado –xa deixando á parte o supremo argumento do imperativo das leis

naturais– un esforzo estéril de erguemento que, ao fin e ao remate, ficaría reducido ao máis tristeiro dos fracasos, posto que esa materialidade sen a entraña, sen a medula que lle dá vida –e esta medula, esta entraña acabamos de ver que é o espírito nacional que radica no idioma– sería algo semellante a un corpo inerte, inaxeitado para moverse por si mesmo e, por conseguinte, imposibilitado para facer ningún labor positivo e fecundo, como non fose o de estorbar a marcha progresiva doutros pobos, estorbo que sería o mellor xustificante para a absorción que algún deles forzosamente tería que emprender, e cuxa absorción non é nin máis nin menos que a escravitude que todos condenan e detestan.

Mais aínda hai outras razóns. Supondo factíbel o prescindir da lingua propia ao comezar unha tarefa nacionalizadora, teríamos que, ao cabo dalgún tempo, aquel pobo en que tal se fixese veríase reducido á tristeira condición de escravo espiritual daquel outro cuxa lingua adoptase. E como tras esa clase de escravitude, como despois de que se fixo desleixo do propio pensar, que só na lingua autóctona pode achar expresión, o pensamento ten que expresarse en moldes alleos, resulta que o pensamento devén totalmente escravo, e sabido é –porque igual que nos individuos sucede nos pobos– que de tal escravitude á material non fica máis que un lindeiro tan inconsistente e cativoiro que esta derradeira escravitude finda por imporse sen esforzo ningún, como algo naturalmente lóxico e fatal. Boa proba do noso aserto nola dá a historia dos movementos nacionalistas que tiveron e teñen lugar no mundo enteiro. Nin un só destes movementos pode sinalarse no que non fose a lingua, o cultivo da lingua propia, o retorno a ela cando xa se deixara, a base fundamental de toda a campaña de recuperación da personalidade propia e, con ela, a de recuperación das liberdades roubadas por algún pobo tirano e dominador.

Inversamente, tampouco pode mostrarse ningún Estado opresor que para mellor realizar a súa faena de asimilación, de absorción dos pobos veciños, non fixese que seguise ao seu dominio material pola forza ou pola astucia unha campaña tenaz, firmísima, de desenraizamento da lingua destes. Os exemplos poderían citarse a dúcias.

Logo, se cando se trata de escravizar un pobo, de facerlle perder todo o que é, para trocalo en pobo submisivo que coa perda da personalidade perda tamén a vontade propia e non teña máis que a allea –capital condición para facer un bo escravo– o primeiro que se fai é traballar por todos os medios posíbeis por desenraizar a lingua propia, substituíndoa pola do pobo dominador, a importancia e transcendencia de tal factor deben ser decisivas para a conservación da independencia espiritual fundamento e raíz da outra independencia.

**Pero non sería doado  
traballar por un idioma  
universal obrigatorio, que  
botase por terra as fronteiras  
lingüísticas que hoxe tanto  
arredan uns pobos doutros?**

Non sería doado porque os que o admitisen terían que desbotar por absurdas todas aquelas afirmacións que hoxe achan eco e constitúen base na Xeografía moderna, e que fan referencia á influencia da terra sobre o home; á modelación deste por ela; á súa conformación, reflexo directo do país en que foi nado, e a outras moitas circunstancias que, combinándose, orixinan a variedade de linguas, como orixinan a de razas, costumes etc.

A posibilidade de implantación definitiva dunha linguaxe universal só sería admisíbel no suposto de que, por unha formidábel catástrofe xeolóxica, toda a terra, de súpeto, aparecese trocada en algo completamente uniforme, sen variación ningunha, da que desaparecesen todas as diferenciacións e todas as variedades, para deixar lugar ao uniformismo e á homoxeneidade máis absurdas. De non ser así, como o home con todas as súas características responde á combinación de múltiples factores que varían segundo os países, temos que a lingua, característica esencial e primeira, tamén variará segundo estes, non dependendo, polo mesmo, da vontade humana, subordinada decote a tales características.

A diferenciación da terra, asento da humanidade, impón todas as demais diferenciacións que ninguén pode anular por responderen a leis cuxo determinismo é superhumano.

Mais, con todo, aínda supondo que chegase un momento dado en que a implantación dun idioma determinado abranguese, se non todas as terras que integran o mundo, polo menos un número regular delas, ao cabo dos anos todos os que falasen esa lingua imposta verían o fenómeno natural da súa descomposición, descomposición que afectaría en cada terra formas e modalidades plenamente diferentes que, co tempo, rematarían por constituír verdadeiras linguas análogas na constitución, na estrutura á que servira de tronco lingüístico; mais diferentes, non só no léxico senón tamén na sintaxe e de xeito especial nos matices máis delicados e íntimos. Isto é, precisamente, o que sucedeu no mundo latino co triunfo momentáneo da lingua do Latio, que na súa descomposición irremediábel deu orixe ás linguas romances que hoxe constitúen a única realidade lingüística do chamado mundo latino.

Quizais o mesmo se ache sucedendo xa na América mal nomeada latina con respecto ao castelán, e na anglosaxona con respecto ao inglés, por moito que as circunstancias varían totalmente. Así como nos países europeos aludidos denantes a poboación era autóctona, indíxena, sen mesturas, ou polo menos con pequenas mesturas que a intensa potencialidade racial dos indíxenas puido absorber e assimilar plenamente; nas Américas non sucede isto. O órgano de expresión, a lingua é algo importado, como importados son tamén os individuos que a cultivan e, por conseguinte, o troco, a modificación non pode facerse tan á présa como se fixo nos devanditos países latinos.

Con todo, as teorías filolóxicas que explican a estrutura e íntima conformación dos idiomas –teoría do menor esforzo, altitude do país etc.– non poden faltar xa que son froito da experiencia e da

observación máis cumpridas actuando en íntimo consorcio. Así pois, comezan a cumprirse, e o castelán –e o mesmo lle sucede ao inglés do Canadá e Norteamérica– corrómpese, altérase, mestúrase con palabras estrañas que o deforman até convertelo nunha xiria rara, da que sairán seguramente máis tarde novos idiomas, do mesmo xeito que, da fusión racial que alí se vén verificando, orixinaranse novos tipos que terán de ser como a síntese de todos os tipos fusionados.

**Quérese dicir con isto que o castelán, pese ás esperanzas dos que coidan que ten de ser a lingua da América latina, rematará por descomporse noutras tantas linguas cantas sexan as nacionalidades que cristalicen definitivamente?**

É indubidábel que si. Agora ben, esta transformación que xa se está verificando nos nosos días –ninguén pode negar que o castelán falado na Arxentina ou en Chile, por exemplo, mostra hoxe, no momento presente, diferenzas notábeis co da Península– para que chegue ao seu grao máximo, isto é, para que abranga a súa totalidade, ou sexa, para que constitúa un novo idioma, aínda que fillo e polo mesmo ligado con fortes vínculos de parentesco ao idioma nai, precisará do factor tempo– anos; quizais séculos– con cuxa axuda os novos países americanos ofrecerán o mesmo espectáculo lingüístico que se ofreceu na Península Ibérica despois de que o latín foi transformado e moldeado polos diferentes pobos que durante certo tempo o empregaron.

Tal proceso de descomposición probabelmente terá de acelerarse na América, toda vez que a mestura de razas que alí existe é moi grande, e esta mestura fai que paseniñamente se vaia elaborando en cada país unha unidade racial que, como toda unidade desta clase, forzosamente ten que forxarse o seu verbo de expresión, a súa lingua, cousa que non sucedía na Península onde, por tal motivo, o proceso de xerminación de novas linguas foi levado a cabo de xeito máis paseño, cunha maior lentitude.

## **VI. COMPATIBILIDADES E BENEFICIOS DO NACIONALISMO**

**Mais isto da imposibilidade dun idioma común no que poidan expresarse as modalidades máis acochadas e diferenciadas do espírito de cada pobo oponse tamén á existencia dunha lingua internacional que sexa doada para o intercambio de relacións entre os pobos?**

De ningún xeito. Formulada así a cuestión xa varía, e varía tanto que, xa hoxe, pode dicirse que está resolta. O idioma que vén actuando de internacional é, polo xeral, o francés; el é o empregado nas xuntanzas diplomáticas, nos congresos científicos internacionais, na redacción de documentos que afectan a varios Estados, etcétera, etc.

Fóra, precisamente, das características e modalidades especiais que constitúen a alma de cada pobo, o seu espírito, en cuxa formación tanta parte ten, como xa vimos, a terra nai, a patria con todos os factores que a fan única e non confundíbel, existe un aspecto común a todos os pobos, aspecto que integran aquelas facultades, manifestacións e propiedades que son inherentes á personalidade humana como tal personalidade; e que por iso mesmo, polo seu carácter xenérico e non específico, poden sen dificultade ningunha baleirarse no molde de expresión constituído por unha linguaxe común.

Esta cuestión da imposibilidade dunha lingua universal que non sexa exclusivamente para expresar o que acabamos de dicir, suxírenos algunhas consideracións moi dignas de terse en conta. Así, por exemplo, supondo que fose factíbel a imposición dunha linguaxe única para todos os pobos da terra e que tal linguaxe ao imporse borrarse de súpeto –achámonos no terreo das suposicións– da face dela todos os que na actualidade existen, teríamos que, case seguidamente, daría comezo a unificación do pensamento mundial nas súas múltiples facetas; e da riqueza e variedade de civilizacións, de culturas que hoxe contemplamos espalladas polo mundo e que xuntas, dentro da súa diversidade fecunda, veñen a determinar e a orixinar a grande unidade do adianto e do progreso, pasaríamos á homoxeneidade máis completa, ao uniformismo abraiante dos grandes chans areosos que compoñen os desertos africanos, á monotonía desesperante do igual decote e sen mudanzas, que rematarían por anular ou polo menos reducir a un grao excesivamente pequeno, os adiantos, o avanzar polas vías do progreso; posto que, sen a diferenciación que é movemento, enerxía, vitalidade nunha palabra; sen as urxencias das nobres e lexítimas emulacións e competencias que aguilloan e dan impulso ao devandito avanzar; sen a arela xustísima da superación e do destacar entre os semellantes, isto é, sen o cultivo do amor propio, fundamento de tantas empresas louvabilísimas; derradeiramente, sen a exemplaridade e as leccións que subministran os fracasos dos uns e os triunfos dos outros, a humanidade, considerando xa satisfeitos os seus desexos e as súas arelas, recoñecendo dona do máximo de benestar material e espiritual, incapacitada pola súa mesma situación de unidade para realizar nada que non fose o vivir unha existencia vexetativa –pois hai que decatarse do que sería unha existencia sen choques nin diverxencias, na que todos pensasen o mesmo– iría mainamente esvaéndose até chegar a unha situación absurda que, polo mesmo que non pode ser, resulta inconcibíbel para nós, homes acostumados a unha existencia da que son caracteres esenciais a diferenciación, o cambio, a desigualdade, o heteroxéneo, incongruente e vario, nas súas facetas máis opostas e irreductíbeis.

**E pódese afirmar entón que o nacionalismo é beneficioso para o acervo da cultura universal?**

Desde o momento en que se inicia o desenvolvemento do espírito nacional, o despertar da conciencia colectiva –do que é corolario inmediato a recuperación da alma esvaída ou perdida por influencias estranhas que só atenden decote á absorción e á asimilación definitivas– nos pobos que constitúen realmente nacionalidade, pode dicirse que comeza tamén un novo xerminal –algo así como o florecemento que trae consigo a primavera tras os días amortecidos da invernia– de todos os compoñentes que integran aquel espírito; nin unha soa faceta fica inalterábel ou morta. O renacemento determinado polo ideal nacionalista, de íntima e completa identificación coa patria –o mesmo nas horas de mágoas e dores, que nas de ledicias e triunfos– abrangue todos os aspectos que, xuntos, forman a vida dela. E así, desde o aspecto que fai referencia á nobre especulación que ten como escenario a rexión alta

e serea das ideas, até o que é expresión da potencialidade económica dun pobo, todos, absolutamente todos, despertan a unha nova vida.

A exacerbación fundadísima do amor á patria, que a clara comprensión do que ela é non pode menos que impor, fai que o traballo dos seus fillos –que doutro xeito fuxiría en busca de mellores horizontes, dando así satisfacción á xustificábel arela dun maior lucro que o que a patria puidese ofrecer– converxe cara a ela para renderlle o máximo do seu esforzo. E así todos, músicos, pintores, científicos, comerciantes, obreiros, industriais etc.; cada un na súa esfera, van enfocando todas as súas actividades cara a unha arela común, que é a do progreso da patria, progreso que, dun modo recíproco, vén a reflectirse nos seus fillos en virtude dunha sinxela simbiose. O progreso das partes determina o do todo que elas constitúen, así como o do todo fai presupor o das partes, sen o cal non sería posíbel aquel, que vén a ser como a suma dos adiantos particulares dos diferentes organismos estruturados e vertebrados dentro del. Así se asegura que a patria, como expoñente da capacidade mental e de traballo dos seus fillos, se erga o suficiente para non pasar inadvertida entre o conxunto harmónico das nacionalidades que integran o mundo.

Por conseguinte, se o sentimento nacionalista por si só é causa da reduplicación dos azos individuais e de excitación ao traballo intenso dentro do fogar patrio, incluíndo a tendencia a escatimar fóra del o gasto de azos e de vitalidades, para que elas sufran o menor dispendio posíbel e poidan aplicarse case íntegras ao desenvolvemento do patrimonio común, pola conciencia que crea de que o beneficio da patria é beneficio propio e como tal redunda en vantaxe de todos e de cada un; se o sentimento nacionalista ao iniciarse nun pobo fai que os ollos deste se volvan a todas as manifestacións da súa vitalidade, aínda que circunstancialmente se achasen como adormecidas ou mortas; se o dito sentimento fai intensificarse o interese e o entusiasmo polas cousas da patria até o punto de que quen o sinta chegue a consideralas como propias ou pouco menos, mostrándose, por conseguinte, no seu actuar público e privado, en perfecta consonancia con aquela consideración; se, derradeiramente, o sentimento nomeado tantas veces non fai excepción ningunha no que se refire ao cultivo de todas as actividades que constitúen a vitalidade e a fisionomía característica, xenuína e peculiar dun pobo, abranguendo por conseguinte todas, claro está que entre estas actividades non poden faltar as que forman o seu aspecto cultural, a súa faceta espiritual e, polo mesmo, todo o que fai referencia á cultura no sentido máis amplo da palabra.

Resumindo, pois, pode afirmarse que o nacionalismo é resoltamente beneficioso para a cultura universal, xa que, como acabamos de dicir, ao non deixar sen traballo e sen cultivo ningunha das facetas que compoñen a espiritualidade característica dun pobo, contribúe a dotalo dunha cultura propia, diferenciada perfectamente, que, ao xuntarse coas demais vén a enriquecer o tesouro da cultura universal, patrimonio que, como feito polo esforzo de todos, a todos pertence e de todos é obra.



## VII. OBXECCIÓNS E REPAROS

**E non se podería tachar o nacionalismo de contribuír, co erguemento de novas fronteiras, á obra pouco louvável de desunir os homes máis do que xa están, cando o que debería facerse é termar de todo o contrario?**

É que se non precisa que as fronteiras se achen xa trazadas dun xeito oficial, e por conseguinte recoñecidas e respectadas por todos os Estados, para que ese arredamento, esa desunión dos homes exista realmente.

Admitido ou non o feito nacionalista dun pobo por quen teñen a obriga de darlle o seu beneplácito, o seu consenso, el aparece decote como realidade esmagante, que se non deixa relegar a segundo termo perdendo ou atenuando a súa ferinte actualidade, aínda que para restarlle importancia ou para aminorar os efectos que puidese producir se apele a unha finxida ignorancia da cuestión; ao rebaixamento da súa importancia e transcendencia; a tentativas de hipócrita avinza para solucionar a cuestión, sempre, como é natural, botando a culpa do fracaso das negociacións –tendo así xustificación para todas as represións posíbeis e todos os atentados maxinábeis que a natural contumacia nacionalista faga mester empregar– á intransixencia, ao fanatismo e á perversidade dos que, nas máis das veces, só son responsábeis do *tremendo delito* de se non deixaren engaiolar con promesas ocultadoras de asoballamento e tiranía.

E a existencia do feito nacionalista recoñecido ou non como cousa viva, latexante, sen necesidade doutras fronteiras, xa por si só, abonda para arredar os homes e facer que se fiten como arredados por altas sebes e fondos lindeiros. E estas sebes e estes lindeiros aludidos, que se erguen dentro de todos os Estados que teñen que resolver os preitos de tal natureza, veñen a dividilos en anacos que se toleran só exteriormente pola forza da imposición de algo superior a eles –aínda que a superioridade as máis das veces sexa ficticia,– pero que no fondo se ve, se non con xenreira –e isto é o que sucede case sempre, por botárense uns aos outros a culpa dos males que os asoballan e teñen oprimidos– polo menos con indiferenza; estes lindeiros, repetimos, son peores, cen veces peores que as fronteiras políticas, xa que por cima destas é posíbel decote ollar o brazo amigo que tende a súa man en busca da allea para estreitar unha amizade á que nada pode oporse e a que semella levarse a solución de todas as arelas comúns; entretanto que a outra clase de fronteiras, se non arreda politicamente os pobos, arrédaos espiritualmente, o que é peor, posto que na amizade as semellanzas son o de menos, e a amizade que non siga a dirección que o impulso saído do máis fondo lle parece será amizade baleira, balofa, amizade que co pretexto máis cativoiro perderá a máscara con que se disfrazaba para mostrarse trocada en inimidade manifesta e viva.

Por conseguinte, pouco ou nada importan as fronteiras políticas. Por altas que elas sexan, cando nos países veciños non hai intereses contrapostos –e estes non pode habelos desde o momento en que as fórmulas do nacionalismo abrangueron o triunfo total– determinados polas cobizas de dominación, de mediatización da vontade allea, de control dos seus actos, as relacións forzosamente, ineludiblemente, teñen que ser boas; e entón aquelas fronteiras que puidesen coidarse

como difíciles de salvar resultan igual que se non existisen, pois os sentimentos de solidariedade e de fraternidade, e con eles todo o que pertence ao patrimonio común da humanidade, son algo que se acha moi por cima de toda clase de fronteiras e de arredamentos, sexan humanos ou sexan naturais.

Inversamente, se dun xeito ficticio, obedecendo a determinacións superiores á vontade de todas ou dalgunha das nacionalidades que o integran, un Estado conseguiu que no seu interior non haxa mais divisións que as administrativas que el, soberano e autócrata, caprichosamente trazou para mellor realizar o espolio das súas vítimas, os pobos sometidos ao seu asoballamento, oficialmente existirá nel unha perfecta unidade, unha completa unidade; mais, de feito, por baixo de toda a farsa e o engano oficiais, latexarán diverxencias, heteroxeneidades, arelas e cobizas diversas, correspondentes aos pobos asoballados e reducidos á unidade forzosa e falsa, que se non se manifestan acotío é porque un poder arbitrario superior a elas fainas enmudecer, sen que por iso deixen de aproveitar todas as ocasións en que aquel poder inxusto non pode actuar coa súa imposición, para mostrárense claras e patentes, facendo tanxíbel e manifesta a fonda división reinante na aparente unidade do Estado, división a que se non pode negar realidade por moito que se pretenda pechar os ollos á verdade, ou pondo en práctica o tan coñecido procedemento da avestruz.

Resumindo, pode dicirse, pois, que desbotadas as fronteiras políticas de entre as diferentes nacionalidades fusionadas pola ferreña imposición dun organismo estatal unificador e asimilista; condenados a un réxime e a un procedemento igualitario e nivelador que tenda, antes que nada, a facer insignificantes as súas diferenzas; realizados, en suma, todos os esforzos imaxinábeis para tocar en homoxéneo todo o que é vario e diverso, nada se conseguirá, pois, de realizarse o contrario, as leis que rexen a natureza ficarían modificadas, cando estas leis se achan tan altas, tan ergueitas que por tales foxen aos esforzos humanos, vindo a constituír algo que se acha moi por riba da vontade dos homes.

Logo, o nacionalismo, que non fai máis que axeitarse a estas leis; que non terma senón do mellor axeitamento posíbel das esixencias políticas ás realidades que a natureza mostra, indubidabelmente ten que ser, procedendo como procede, a mellor fórmula para conseguir a estabilidade e o benestar dos pobos.

**E o nacionalismo, facendo que os pobos se concentren en si mesmos, non pode ser a causa de que estes se fagan receosos, desconfiados e reconcentrados por demais, prexudicando así a boa harmonía e as relacións de fraternidade que entre eles deben existir?**

Para que así sucedese sería preciso que a concentración que o nacionalismo predica fose unha concentración total, absoluta; unha concentración na que se prescindise por completo do alleo, do estraño, para non atender senón o propio; máis non hai nada diso. O nacionalismo predica a concentración de todos os esforzos e determinacións da vontade colectiva nun punto común: o do erguemento do espírito nacional con todas as facultades, potencias e modalidades que lle son inherentes, que por imposición da natureza lle corresponden. E esta concentración para nada se opón nin ten por que oporse ás

boas relacións cos demais pobos, xa que non vén a significar máis que o desexo lexítimo e xustifico de prescindir das vestimentas e patróns alleos para empregar soamente os propios. E como para a realización dese labor non é mester levar a cabo unha tarefa de illamento, senón pura e exclusivamente de devolución do que nos viña sendo emprestado, xeralmente con fortes réditos, por abandono ou extravío do propio, velaí por que o nacionalismo non pode tacharse de illador, de arredista en certo sentido.

O nacionalismo preconiza o cultivo de todas as características que, xuntas, veñen a afirmar a existencia dunha alma colectiva, mostra concluínte da vitalidade real dun pobo; mais este cultivo de ningún xeito pode oporse ás boas relacións que deben ligar uns pobos con outros nin ten por que ir en contra dos sentimentos fraternais que a todos deben xuntar. Moi lonxe diso, todo pobo que non sinta cobizas condenábeis, cobizas vergoñentas de tiranía ou de imposición, forzosamente ten que ollar con bos ollos que os pobos veciños se capaciten para a vida de liberdade e de autodomínio: dunha parte, porque así poderán contribuír cos froitos íntegros do seu esforzo puro, sen mesturas desvirtuadoras, á obra común do progreso universal, o que redundará en beneficio de todos xa que a todos interesa por igual o acrecentalo; e doutra, porque deste xeito, a obra aludida do progreso universal, que é patrimonio inalienábel de todos os pobos que forman o mundo, mostrarase con todas as facetas que lle corresponden, o que contribuirá a facelo máis rico, e cuxo número de facetas se acha tan ligado á variedade enorme de pobos e de razas.

Formulada a cuestión noutros termos, temos que será máis accesíbel e fácil a invasión do receo, a desconfianza e o temor nun pobo en loita pola súa liberdade e polo recoñecemento de todos os seus dereitos, detentados arbitrariamente por outro máis astuto ou máis forte, que non nun pobo que se ache en pleno aproveitamento da unha e dos outros. Entrementes que é natural que o primeiro, polas circunstancias da súa situación de oprimido, non poida ollar confiadamente a ninguén, posto que o feito levado a cabo por un igualmente o puidesen repetir outros de achárense en iguais condicións; o segundo, en troques, que se ve e se sente dono de todo o que de xeito lexítimo lle pertence, non terá indubidabelmente motivo ningún para dar entrada dentro de si á desconfianza, o receo etc.

O nacionalismo quere, en primeiro lugar, que se refaga a personalidade colectiva da nación que o centralismo ou o imperialismo pretenden anular tras a asimilación forzada ou natural. Por conseguinte, se o nacionalismo quere isto, natural é que traballe para trocar todos os instrumentos alleos –valla a frase– ou, como se dixésemos, os instrumentos emprestados, polos feitos e labrados en virtude do seu propio esforzo, e que veñen a ser como o enorgullecedor expoñente da potencialidade creadora e da capacidade vital que existen naquel pobo, das que se non tiveron novas até que a liberación nacionalista

veu crebar as amarras que impedían o seu desenvolvemento que até entón, até o xurdimento nacionalizador tivo que vir sendo case imposible posto que a nacionalidade en troques de vivir a vida que lle correspondía, a súa vida propia, viña vivindo unha vida que non era a súa senón todo o contrario, isto é, unha existencia estraña, allea, e que polo mesmo se lle non axeitou senón á forza, circunstancia que veu a determinar a facilidade da substitución no momento en que o pobo se decatou de que era dono dunha personalidade orixinal que non tiña por que baleirarse en moldes estraños cando podía telos, e de feito xa os tiña, xurdidos e propios.

Todo isto que o nacionalismo, ao xerminar nun pobo, pretende, en primeiro lugar, non leva consigo nada que se opoña ás boas relacións que deben existir entre os pobos; moi polo contrario, conduce a que, tendo cada un o que lle corresponde, non poida haber entre eles motivos de intriga nin de xenreira. O nacionalismo, pois, podería dicirse que se encamiña directamente a reducir cada vez máis os motivos de receo ou de desconfianza que houberse entre as nacionalidades, para que todas elas poidan vivir libremente a súa vida, facendo desaparecer a morbosa situación actual de moitos Estados, buligados interiormente polo xerme aniquilador e antipacifista dunha opresión e un asoballamento incompatíbeis coa normalidade e o acougo precisos para que o progreso poida ser neles unha realidade.

**Mais como pode isto compaxinarse coa agresividade cara a outros pobos que latexa na maioría dos movementos nacionalistas?**

Moi facilmente. Un pobo intervindo no seu vivir privativo, na súa propia intimidade, na marcha dos seus destinos por unha influencia allea, ao decatarse de que é axeitado para vivir sen tutelas e sen intromisións, seguindo as decisións da súa vontade soberana sen necesidade de render acatamento a poderes estraños, arbitrarios e despóticos na maioría dos casos –este *decatarse* é, precisamente, a obra do xermolar nacionalista, tanto nos individuos como nos pobos– é moi natural e completamente lóxico que sinta hostilidade e inimizade contra o pobo causante de que aquel estado de cousas viñese alongándose e impóndose.

Formulada así a cuestión, o nacionalismo forzosamente ten que amosar agresividade. E esta agresividade aparece ben xustificada tendo en conta que a vida dos pobos, ou sexa das colectividades nacionais, é un reflexo da dos individuos, e así como calquera destes, considerado illadamente, non deixaría de apelar –contando co beneplácito de todas as persoas dignas e non contaminadas de arelas innobres e pouco lexítimas– a toda clase de recursos para ceibarse de tutorías que tendesen a anular as decisións da súa vontade soberana; do mesmo xeito os pobos non poden por menos de empregar –facendo uso do seu inalienábel dereito á vida libre e sen amos– todos os recursos da violencia para ceibárense das cadeas con que outros, absorbentes ou dominadores, traten de amarralos e anulalos.

Velaí, por conseguinte, como o nacionalismo pode aparecer, sen selo, agresivo e acometedor, cando en realidade e esculcando nas

causas primeiras de tales semellanzas se ve claramente que os seus procedementos, sexan do xeito que sexan, non fan máis que responder á necesidade da defensa dos máis sacros dereitos. Se o nacionalismo, pois, se amosa en ocasións, quizais decote, ategado de agresividade é porque as circunstancias o forzan a iso; e estas circunstancias son os afáns innobres de hexemonía, as cobizas inconfesábeis de absorción e de tiranía, a condenábel contumacia de querer exercer mando e tutoría sobre quen, ademais de ser maior de idade e axeitado para vivir a súa vida, probou de abondo que non quere direccións non só innecesarias senón tamén impertinentes e mortificadoras.

Polo mesmo, se o nacionalismo significa agresividade, acometemento, afán loitador, é mentres tanto que sobre el actúa a humillante intervención allea; mais, desde o momento en que esta, ben sexa pola forza ou ben sexa polo convencemento, deixa de ser unha realidade para trocarse nunha lembranza vergoñenta do pasado, o nacionalismo, dun xeito automático, perde a súa fereza, que aparece substituída por un desexo conciliador, de harmonía, aínda que sen deixar endexamais de ter presente aquel aforismo tan popular e sabido que di: «cada un no seu casal e Deus no de todos».

**E a creación de tantas nacionalidades autónomas, pequenas na súa maioría, a que dará lugar o triunfo do ideal nacionalista no mundo, non terá de ser prexudicial, non só nun sentido xeral senón tamén nun sentido particular, isto é, para cada unha delas e, principalmente, para os individuos cidadáns destas?**

A Historia, en primeiro termo, e coa Historia outros moitos factores, veñen a demostrarnos todo o contrario, ou sexa, as indubi-dábeis vantaxes que, por moitos conceptos, levan as pequenas ás grandes nacións.

Xa deixando á parte as sonadas conquistas nas que, case sempre, foron protagonistas pequenos pobos en loita contra outros maiores, atopámonos con que os países iniciadores do espallamento da cultura e do seu xurdimento, en especial no Occidente de Europa, eran todos eles pequenas, miúdas nacionalidades –algunhas só exclusivamente a cidade que daba nome ao pequeno Estado e ao seu arredor algunhas viliñas –que precisando expansión para o seu xenio mercantil, colonizador ou sinxelamente aventureiro, emprendían aquelas afuzadas expedicións cuxo froito era, imprescindiblemente, un avance no progresar do mundo entón coñecido, avance que se facía patente e tanxíbel coa aparición de colonias cada vez máis afastadas da metrópole que as fundara.

De entre todos estes pobos destaca pola súa grandeza Roma, unha pequena República da que se pode dicir, case que sen hipérbole, que foi dona do mundo. Pois ben, esta pequena República só a forza de tenacidade e constancia puido levar a feliz termo as súas empresas militares. Mais onde o seu esforzo tivo de ser maior –oh paradoxo!– foi naqueles países que, como Iberia, a mesma Italia e Grecia, se achaban divididos en multitude de pequenos Estados, aos que non axuntaba ningún vínculo político. Máis tarde, cando os bárbaros –xuntoiro constituído tamén polos pobos máis variados e diferentes– destruíron o Imperio romano, sobre as cinzas deste

establecéronse grandes Monarquías nas que axiña tivo nacemento o feudalismo. A propósito disto di Pi i Margall<sup>3</sup> –*As Nacionalidades*, páxs. 12 e 13– coa súa grande autoridade:

Os pobos ficaron arredados uns doutros, non pola independencia senón pola división do poder; e como denantes ían polo esfarelamento á liberdade, caían agora na servidume. Cada terratenente era dentro da súa propiedade un verdadeiro monarca; os homes que nela moraban, uns vasalos, outros servos, formaban un verdadeiro pobo. Era xeral a escravitude e xeral a tiranía, sen que abondasen a destruíla, nin aínda a moderala, os reis, esvaída sombra do que ao comezo foron.

»Europa saíu de tan tristeiro estado precisamente pola reconstitución de pequenas nacións, xa dentro, xa fóra, das grandes monarquías. As principais cidades de Italia fixéronse capitais doutras tantas repúblicas. As de Alemaña, Francia e Inglaterra ao amparo do poder real, erixíronse para todo o que se refería á súa vida interior, en Estados autónomos. Na España, mercé á reconquista do chan contra os árabes, fórono, polas *cartas-pueblas* e os *fueros*, non só as cidades, senón tamén moitas vilas. As cidades tiñan en todas estas nacións o seu goberno, as súas leis, os seus tribunais, a súa forza pública. Sucedeu axiña ao acougo o movemento, ao *statu quo* o progreso. A industria volveu tomar voo, o comercio pór en contacto os máis arredados pobos.

»Nos derradeiros da Idade Media xurdiu de novo na Europa a idea dos grandes Estados. Con ela naceu de súpeto o absolutismo, que pesou por máis de tres séculos sobre os pobos da nosa raza.

»A liberdade atopou entón refuxio nos pobos de orixe xermánica, onde o espírito de independencia dos pequenos Estados prevaleceu por cima do de unidade, que dominaba nos pobos latinos; na Alemaña, dividida, como durante a Idade Media, en multitude de ducados e de reinos, que só para a dirección dos seus comúns intereses recoñecían un emperador e tiñan unha Dieta; na Holanda, que endexamais foi nación unitaria, e ao saír das poutas de Felipe II constituíu a República das Sete Provincias; en Inglaterra, onde aínda hoxe o condado e o municipio son case autónomos...

»Hoxe mesmo están máis respectados os dereitos da humanidade nas pequenas que nas grandes nacións; nos Estados federais que nos unitarios...

---

3 Francisco Pi i Margall (Barcelona 1824-Madrid 1901). Político catalán; foi un dos presidentes da efémera I República española (1873). En 1848 completou a obra *Recuerdos y bellezas de España* de Piferrer. En 1851 iniciou a obra monumental *Historia de la pintura* mais as súas consideracións sobre o cristianismo durante a Idade Media valéronlle a fulminante condena eclesiástica e legal. En 1854 inicia a actividade política e publica diversos manifestos demócratas durante a revolución de xullo. Preséntase ás Cortes por Barcelona e é derrotado por Prim. Publica *La reacción y la revolución*. Funda a revista *La razón* (1856). Restaurada a monarquía, publica *Las nacionalidades* (1876) e unha monumental *Historia general de América* (1878). En 1890 fundou *El nuevo régimen* onde iniciou unha forte campaña a prol da independencia de Cuba e en contra da política colonial española.

Como exemplos cita a Rusia dos Zares, hoxe derrubada, Turquía, a mesma Francia, España etc. etc. En oposición a estes Estados nomea Portugal, Holanda, Suecia, Dinamarca, Noruega, Suíza, e os demais deste xeito que se achan espallados polo mundo.

Noutras páxinas súas segue máis adiante o mesmo Pi i Margall facendo unha baril e razoadísima defensa das pequenas nacionalidades e aproveita a ocasión para reforzar o seu pensar con argumentos de Aristóteles, Platón, Montesquieu<sup>4</sup>, Rousseau e Buzot. A conclusión deducida vén a ser a que semella acharse compendiada nas seguintes liñas do mestre:

Ollamos que poderosa foi en todos os tempos a iniciativa das cidades, canto contribuíron á civilización xeral, e que difíciles empresas levaron a termo. Isto debe recoñecer algunha causa e a causa é para min a seguinte. Nos pobos de pouca extensión, sobre todo se están democraticamente rexidos, o Estado e a sociedade compenétranse en todas as súas partes e case que se confunden. Non recibe o Estado unha ferida que a sociedade non sinta, nin unha aldraxe que a sociedade non comparta. O Estado vive da vida da sociedade e a sociedade da do Estado. Así, a sociedade está disposta decote a sacar ao Estado de todo compromiso e a sacrificar por el o seu ouro e o seu sangue. Adoita acontecer o contrario nas grandes nacións, onde o Estado semella algo alleo á nación mesma. É verdade que nas crises destas nacións víronse tamén actos de abnegación que admiran; mais convén observar que están case que decote circunscritos ás capitais, que son as que por telo máis perto participan máis da vida do Estado. Nos pobos reducidos, o Estado é para todos os cidadáns un ser real que a todas horas ven e apalpan; nos grandes, unha abstracción que apenas se lles fai tanxíbel máis que no pago dos trabucos.

Por outra parte e formulando a cuestión noutros termos, nas pequenas nacionalidades é máis difícil, xa que a reducida extensión fai que os sucesos todos teñan unha resonancia que tratándose dunha extensión meirande xa non sería tan posíbel, que o valemto e o talento permanezan acubillados, do que resulta como é natural a conclusión seguinte: que dificilmente ficará ningunha individualidade reputada como aproveitábel, sen que teña ocasión de mostrar os seus dotes, xa na esfera da acción administrativa, xa na da acción política, xa en calquera outra esfera. Teñen tamén as nacionalidades pequenas<sup>5</sup> a grandísima vantaxe de que o sentimento patriótico sendo como é,

---

4 Charles-Louis de Secondat, barón de la Brède e de Montesquieu (1689-1755). Filósofo e escritor francés, autor dunha amplísima obra tanto de ciencias naturais como de ciencias sociais e de filosofía política. Pasou á historia, de xeito sumario, como o autor do principio de separación dos tres poderes (lexislativo, executivo e xudicial).

5 [Nota do autor] Ao falarmos de nacionalidades pequenas non queremos dicir nacionalidades de extensión reducidísima, senón soamente pequenas en oposición á concepción actual dos grandes Estados imperialistas.

ten de ser nelas máis afincado, máis fondo; tal sentimento nas pequenas nacionalidades podería dicirse que é algo que se mete polos ollos, xa que a perfecta unidade das nacionalidades de extensión non moi grande fai comprender, aínda aos máis cegos, como a xuntanza das xentes que se inclúen na denominación común de compatriotas vén a ser un alongamento do propio fogar, do chan por onde rolou primeiramente o noso berce. Todo isto fai xurdir de xeito ineludíbel nos cidadáns unha preferencia, unha simpatía, un maior agarimo polos que se achan nas mesmas condicións que eles –que son todos os que pertencen á nacionalidade– e que findan por determinar o xurdimento dun espontáneo e natural patriotismo, que logo a educación, o cultivo do espírito trocan en patriotismo razoado e consciente.

Levan tamén vantaxe as pequenas nacionalidades ás grandes en que, sendo pequenas como son, a súa máquina estatal ten de ser necesariamente menos enguedellada e difícil de manexar que se se tratase de grandes organizacións nacionais; o súbdito áchase, tendo como ten todo perto de si, en condicións vantaxosísimas para fiscalizar a acción gobernativa e dirixente daqueles en quen el, facendo uso do seu dereito de sufraxio, depositou a súa confianza; así como o gobernante tendo arredor de si, moi perto del, os ollos fiscalizadores, se terá que ollar moito denantes de dar un mal paso ou cometer un abuso; a todas as horas e en todos os momentos sentirán sobre si as olladas axexantes dos cidadáns que, aínda sen teren feito propósito de tal, se verán empuxados a actuar de vixías dos seus elementos directores.

Calquera intento condenábel, calquera arbitrariedade ou propósito pouco louvábel por parte dos gobernantes, facilmente toma estado público, facéndose do dominio de todas as xentes, aínda daquelas que menos se ocupan da cousa pública, nas nacionalidades pequenas, nos Estados de reducidas dimensións. E por iso resulta necesariamente que hai unha maior comunidade de intereses e de intercambio de impresións e de arelas entre os individuos que os compoñen, que entre os que pertencen aos Estados cuxa extensión abrangue grandes lindeiros. Vívese, en suma, unha vida que se acha moi perto da vida familiar da que, como xa dixemos antes, a vida da nacionalidade é verdadeiro alongamento. Todo isto vén a determinar unha estreita solidariedade fraternal entre os individuos, solidariedade que, ademais de reportar grandes vantaxes para a patria, tales como a de desenvolver entre os seus súbditos unha mutua protección en todas as súas empresas, feito que se traduce na case eliminación dos obstáculos que se opoñen ao camiñar libremente polas vías que conducen a un posíbel benestar. Ten asemade a alta propiedade de convertela en bloque durísimo e resistente, capaz de aguantar sen quebrantos notábeis as máis fortes acometidas, o que fai que a patria sexa axeitada, polo mesmo, para perdurar aínda entremedias das máis grandes catástrofes.

Falando dos grandes Estados, di novamente Pi i Margall na súa citada obra *Las nacionalidades: O destino dos unitarios* –hai que ter en conta que o federalismo descoñeceu e só presentiu o actual concepto



de nacionalidade, por iso vemos empregada moitas veces a palabra nación como sinónima de Estado e viceversa— é ser ou turbulentos ou despóticos. Dista neles a cultura de ser uniforme, os intereses de seren iguais, a opinión de moverse ao mesmo compás e coa mesma medida. Se non os leva do freo unha autoridade absoluta, marchan estimulados por forzas contrarias e viven case que sempre gobernados por minorías. Hoxe avanza e mañá cean e recúan, experimentan os máis bruscos e súbitos cambios e son teatro de loitas desacougantes. Cando chega o mal ao seu apoxeo, non teñen máis recurso que botárense nos brazos dos ditadores. E na absoluta imposibilidade de concordaren as vontades e aquietaren os azos, teñen de acudir á forza e non logran senón unha paz débil. Estalan co tempo as paixóns compresas e torna a xermolar a guerra.

A vida, a actividade política, está principalmente nas capitais; alí acoden e móvense todas as cobizas. Non prevalecen de ordinario os cidadáns máis capacitados, senón os máis afoutos. Os homes cheos de vicios acadan non poucas veces os primeiros destinos do Estado, e algúns polo apoio dos mesmos pobos que llelos confiren porque non os coñecen, o dereito de representalos. Non é estraño que, aínda a sabendas, os antepoñan as provincias a cidadáns modestos, de indisputábel mérito. Como para todo necesitan do poder supremo, e en todo lles están sometidas, prefiren os submisos, porque lles terman máis do favor oficial e os escudan mellor contra das xenreiras do Goberno. Aumentan os que cobizan o mando, multiplícanse os partidos, e vaise polo derradeiro á política de pandillaxe.

Ende ben todo o devandito non quere dicir que nós sexamos partidarios dun excesivo esnaquizamento dos Estados, nin de que este esnaquizamento se faga porque si, isto é, dun xeito artificial, sistematicamente; nada diso. O noso pensamento pode sintetizarse nesta fórmula:

A cada pobo as fronteiras que a Natureza, en xuntanza coas circunstancias determinadas pola tenacidade da vontade humana, viñeron a facer cristalizar de xeito definitivo, que non deixa lugar a dúbidas, nos tempos que vivimos actualmente.

Por conseguinte, o esnaquizamento que desexamos en realidade está feito xa; a nós tócanos soamente loitar para que el sexa admitido por todos os poderes que hoxe se achán constituídos na terra, e que estes se axeiten ao novo *statu quo* que forzosamente terá que resultar; ou máis ben a loita será para que estes poderes lle empresten acatamento ao imperativo natural, que é o que latexa e se mostra no feito curiosísimo da diversa e heteroxénea variedade das nacionalidades que compoñen o mundo, enchéndoo dunha riqueza que doutro xeito non podería existir, xa que a súa valía é esencialmente apreciábel polo contraste e a comparanza.

E volvendo á pregunta que deu marxe a estes comentarios, por eles mesmos findamos de ver como a existencia de moitas e pequenas nacionalidades lonxe de prexudicar beneficia, sempre e cando todas elas respondan, claro está, a realidades impostas pola natureza e non polo capricho dos homes, mudábel e transitorio como todo o seu.

## VIII. O NOSO CASO. O CASO DE GALIZA

**Despois de ter en conta todo o devandito nos capítulos precedentes, e enfocando sobre a nosa terra as conclusións que deles se derivan, podemos afirmar resoltamente que Galiza é unha nacionalidade?**

Examinando unha por unha todas as características que fan de Galiza unha unidade en diferentes ordes, ou quizais en todas, se non pode por menos de afirmar sen vacilación e con seguridade plena que si; que é unha nacionalidade, á que non falta ningunha das modalidades que serven para determinar unha unidade nacional, unha nación con todos os seus trazos típicos e diferenciados.

Galiza dentro da Península Ibérica ten unha personalidade tan de seu, tan inconfundíbel, que por moito que os *patrioteiros* –asimilistas e unificadores à *outrance*– pretendan restarlle importancia e transcendencia, estas calidades se non deixan anular, e por cima de todo, a despeito das tentativas de diminución de valor, fanse ostensíbeis decote como algo que se non pode rebaixar e moito menos anular.

Boa proba do valor de permanencia transcendente que aquela personalidade nacional ten atopámola no feito, elocuente e exemplar como poucos, da situación actual do espírito galego, da ánima galega. Para reduci-lo a impotencia, para facelo e trocalo nun vergoñento alongamento do espírito castelán, non abondaron cinco séculos de asoballamento e tiranía. Despois deles Galiza, a nosa Galiza, a patria única dos galegos conscientes, móstrase tan súa como antes da imposición castelá, e vive, e alenta, e agarda, quizais aínda dun xeito inconsciente e só instintivo polo de agora, o momento de pórse en pé para tornar a ser a Galiza gloriosa dos tempos que anteceden á fatal unidade dos Reis Católicos.

Só polo aludido feito da permanencia incommovíbel do espírito galego no que ten de íntimo e máis seu, de máis autóctono e diferenciado, a despeito das continuadas tentativas que para aniquilalo levou a cabo a cega e torpe manía asimilista de Castela, pódese explicar hoxe o fenómeno da existencia viva e latexante da lingua galega, todo o corrompida e influenciada que queirades polo castelán –ao fin e ao cabo trátase de cinco séculos durante os que sistematicamente se foi excluindo de todo labor alto,– mais suficientemente ateigada de vitalidade para ser aínda hoxe o verbo único das tres cuartas partes do pobo galego, e case que da restante parte deste que, se en galego non fala, áchase obrigado, polo imperativo natural, ao que tan difícil é subtraerse: a concibir as ideas e os pensamentos en galego para imporse a tortura voluntaria de exteriorizalos empregando un instrumento non axeitado de expresión, como é o castelán.

Polo demais, o carácter de estabilidade inalterábel do espírito galego explica claramente o caso estraño da existencia dunha literatura e dun pensamento galegos, dunha música galega, dunha arte plástica galega que hoxe, coincidindo coa renacionalización da nosa patria –nova xermolación en nós do coñecemento íntimo e claro de que somos fillos dunha patria natural, patria única, que por selo ten dereito a vivir a súa vida sen que ninguén lle trace normas nin lle marque direccións–, están en etapa de renacemento definitivo. E o mesmo que na esfera das altas e serenadas actividades espirituais, vén sucedendo na esfera das actividades materiais: o comercio, a industria, a agricultura, todas elas, en suma, levan tamén o selo indelével da terra en que se desenvolven, e pertencendo a manifestacións que en certo xeito ofrecen un carácter de universalismo, emporiso teñen certo matiz, certo carácter diferenciábel que os fai única e exclusivamente da patria, de Galiza.

Velaí, por conseguinte, como a terra cos seus caracteres propios fixo de todos os que vivimos dentro dos seus lindeiros unha clase única, inconfundíbel, dotada polo mesmo de manifestacións propias, e á que as fortes tentativas continuadas das outras razas asimilistas e absorbentes, especialmente da raza castelá, non lograron facer desaparecer.

E sendo isto así, e probándoo tan claramente como o proban os feitos, é indiscutíbel que Galiza naceu para vivir a vida dos pobos libres, na que soamente poderá abranguer a grandeza e desenvolvemento que lle pertencen e corresponden, xa que probado ten de abondo que, no actual réxime unificador, lonxe de vivir non fai máis que ir deitando unha existencia pobre e sen valor ningún para ela e para a humanidade.

**Galiza, sendo como é unha nacionalidade, é tamén a patria única dos galegos?**

Sen vacilación ningunha pode afirmarse que si. A ridícula distinción entre patria grande e patria pequena que algúns establecen, non ten o máis cativoiro fundamento, pois do mesmo xeito que chaman patria ao Estado a que pertencemos por circunstancias históricas ou por outras razóns, poderían chamallo tamén á división xeográfica continental en que nos achamos incluídos, e entón xa non serían dúas as patrias de que gozaríamos. Serían tres, que poderían chamarse: patria «pequena», patria «grande» e patria «grandísima». Distincións que aínda poderían aumentarse seguindo un criterio análogo.

Así como a nai só pode ser aquela que nos leva no seu ventre e que cando vimos á luz vai encamiñando os nosos primeiros movementos, termando do noso desenvolvemento e actuando de guía e de conformadora das primeiras modalidades da nosa vida, até o punto de ser ela, na maioría das veces, a orixe de costumes e hábitos que permanecen aínda despois de poderse valer o individuo a si mesmo; do mesmo xeito a patria é a nacionalidade, o anaco territorial en que os nosos primeiros movementos tiveron o seu escenario, e onde o todo harmónico e orixinal constituído pola asociación das diferentes

unidades –racial, lingüística, climatolóxica etc.– actuou xa desde que vemos a luz primeira, ou quizais denantes, até conformarnos e constituírnos nun tipo que, polos seus caracteres diferenciadores máis saíntes, endexamais poderá negar a súa orixe, a súa procedencia. Tal é a forza do selo con que a nai patria nos marca e fai diferentes.

E todo isto, como xa se decataría o lector, sucede en cada nacionalidade de xeito variado. E sendo así, cada individuo é fillo exclusivamente da nacionalidade que el reflicte no seu tipo etnográfico, na súa fala, nos seus costumes; en todo, nunha palabra, o que o fai diferente ao doutra nacionalidade calquera; polo que aquela nacionalidade que lle deu e lle formou o ser físico e psíquico é a *única* que con propiedade pode ostentar tal nome.

Velaí, polo mesmo, confirmada a nosa afirmación: Galiza é a patria única dos galegos. Sen que isto se opoña en nada a que, sen deixar de selo, non sexa o Estado dentro de cuxa dirección vivan.

**Desta propiedade de sermos os galegos fillos dunha patria verdadeira como é a nosa non arrincan forzosamente deberes ineludíbeis?**

Arrincan, como é lóxico e natural, todos aqueles deberes e obrigas que, noutra orde de cousas, ten o individuo con respecto ao fogar, con referencia á familia, precisamente por ser fillo dela, derivación e froito directo desta. E así temos os deberes de traballarmos pola mellora e adianto da patria –Galiza neste caso–; porque ningunha das súas modalidades sufra esquecemento e fiquen sen desenvolverse; porque o bo nome seu e dos seus fillos non sexa aldraxado e lixado con alcumes e argalladas calumniosas e malvadas; porque o seu libre albedrío, a súa vontade soberana, o seu dereito a rexerse e dispor de si mesma non sexan intervidos e mediatizados por xentes alleas, de diferentes nacionalidades, que, ademais de non coñeceren as nosas necesidades, o noso modo de ser, tratarán de impornos os modos, os costumes, os xeitos todos dos pobos a que pertenzan, con grave magoamento de todo o noso, de todo o que nos é propio e característico. Á parte de que tal intervención allea é deshonorosa e vergoñenta en grao sumo, porque dá marxe decote a supor incapacidade naqueles que o consenten; incapacidade que leva consigo a acción tutelar doutra nacionalidade sobre aquela que se deixa mangonear, e cuxa acción fai que a vontade e o desexo propio non contén para nada, e en troques a vontade e o desexo alleos sexan o todo, estado que, se non é precisamente o da escravitude, aseméllase moito a el e é o seu devanceiro obrigado. Tal é o caso actual da nosa patria.

Obriga, pois, de todo bo galego, de todo fillo de Galiza no que xa teña xurdido a conciencia de que é fillo dunha verdadeira patria, é traballar arreo, sen acougo, porque ela abrangue a liberdade a que, como pobo diferente e típico, dono de orixinalidade e dunha personalidade inconfundíbel, ten dereito. Para iso nada mellor que comezar cada un a tarefa individual, particularísima, de liberar o seu espírito de toda clase de tutelas e intromisións alleas; isto é, nacionalizalo, facelo cada vez máis galego, ou sexa máis limpo de lixos producidos pola influencia allea, isto é, dos influxos casteláns. E así conseguírase o

máis axiña posíbel, cunha completa independencia do espírito feito galego, netamente galego, que chegue o momento de que poidamos mostrar orgullosamente, coa fachenda que dá unha dignidade consciente, a nosa forte personalidade de fillos da Galiza, dunha Galiza que, precisamente por ser tan súa, poida amosarse como pobo europeo no que os resaibos de barbarie e de ancestralismo que en nós causou o influxo castelán fiquen como unha lembranza vergoñenta que paseniño irá esquecéndose.

**E poderá Galiza por si soa, sen outra axuda, realizar a tarefa de pórse en pé para abranguer a tan arelada liberdade?**

Sen dúbida ningunha. A certeza de que así terá de suceder dánnola todas as nacionalidades que hoxe se mostran redimidas ou que xa se van acaroando ao momento da redención. A vontade e o propósito decidido e firme de ser ceibes, sen outros elementos, fixeron en todas elas o milagre. Podería, iso si, ser máis ou menos dura a loita para conseguir a liberdade –isto, ao fin e ao cabo, depende do grao de desnacionalización a que chegase a nación aludida, así como da torpeza e falta de habilidade do pobo asimilista e tirano que, a despeito do ensino dos feitos e das leccións da realidade, se empeñase en seguir unha conduta contraria á que uns e outras ben claramente indican–; mais nin un só caso pode citarse en que deixase o arelado tronco de recompensar as fatigas e os duros esforzos realizados. Comecemos, pois, os galegos por recuperarnos a nós mesmos, por sermos galegos en totalidade, externa e interiormente. E facéndoo así, traballando acotío por perder os andadores e as vestimentas estrañas chegará un día en que, sen darnos conta, atoparémonos trocados en cidadáns libres dunha patria espiritualmente libre tamén –tal lles sucede hoxe a bascos e cataláns dentro do Estado español–, a que por iso mesmo non distará moito de abranguer a súa liberdade plena, total. Pois do mesmo xeito que para asoballar un pobo o primeiro de que se terma é de encadearlle o seu pensamento e o seu espírito –de aí a imposición da lingua estraña e o desterro da propia, a que todos os pobos tiranos e imperialistas acoden sen excepción ningunha–, para redimilo o labor necesario en primeiro termo é o de purificar e expurgar a súa alma, a súa espiritualidade de todo lixo e de toda influencia estraña, conseguido o que xa o demais se lle dá por engádega.

Ollando a nosa historia pódese afirmar resoltamente que Galiza foi grande naqueles momentos en que, vivindo unha vida súa, enteiramente súa, despida de inxerencias alleas, non tiña nin unha soa actividade que non fose marcada fortemente co selo da súa personalidade autónoma, libre, soberana. Cando isto non sucedeu Galiza foi desmaiando e sen deixar de ser Galiza, porque isto ao fin e ao cabo era case que imposíbel xa que a personalidade natural manda imperativamente e foxe ás débiles decisións humanas, tivo de amosarse como un corpo esvaído, semi-inerte, inaxeitado para crear nada, para producir algo frutífero e aproveitábel; como un conglomerado inútil suxeito ás veleidades, aos caprichos e tamén aos grandes desastres que coa súa absorción, non conseguida completamente, lle impuxo

**É, pois, cuestión de vida ou morte para nós traballarmos por facer a nosa terra dona dos seus destinos?**

**E Galiza, coa pretendida e endexamais conseguida asimilación castelá que fixo dela, sen froito, como un alongamento de Castela, das torres irtas espiritual e fisicamente, non abrangueu vantaxes e melloras que lle imponen un obrigado e natural recoñecemento e unha excepcional gratitude á aquela?**

decote a política cega e absurda do pobo que, por medios rateiros e ruíns, soubo apoderarse da súa vontade, non para tratala como se trata un pobo irmán, ou polo menos coas consideracións que se gardan a un semellante, senón para facer da nosa terra a aldraxe e o escarnio que se adoita facer dos seres inferiores.

Pódese responder sen ningunha vacilación que si. De continuar a nosa situación actual, esta vida lánguida, esvaída, como de empregado, que vimos arrastrando, irase acentuando cada vez máis e, por conseguinte, o desfalecemento irá en aumento. Todo o que en nós hai de autóctono, de propio, de orixinal a duras penas terá de irse conservando; a forza da inmunidade que adoita a dar contra de ruíns e desnaturalizadores influxos irá perdendo enerxía... e chegará un día no que a nosa Galiza, a Galiza que hoxe poñemos os patriotas, os que nos decatamos do que somos e onde imos, por cima de todo, xa non será aquela Galiza que nos deu o ser, a Galiza na que se moldeou o noso espírito, na que se fixo a nosa alma, a Galiza, en suma, das modalidades típicas e das características esenciais e únicas que facían dela unha perfecta nacionalidade, e por tal circunstancia unha verdadeira patria, senón que será a xeito dunha copia, algo así como reflexo vergoñento e abafante, unha grotesca caricatura de pesadelo da patria nai, perdida pola culpa exclusiva duns fillos merecentes de todos os anatemas e a todos os castigos maxinábeis.

E a deshonrosa Galiza que puidese subsistir terá todas as semellanzas dun país de servos, sen outra vontade que a do pobo tirano, asimilista e despótico que soubo aproveitar a inconsciencia, a ignorancia, e o desleigamento froito natural daquelas, para levar a cabo a súa absorción máis ou menos completa. Teríamos, pois, a mudanza abraiante dun país que, podendo ser libre e, polo mesmo, amo e señor dos seus destinos, renuncia á posesión de tal estado, punto de conxunción de todas as máis arelantes ambicións tanto dos individuos como dos pobos, para facerse voluntariamente escravo encadeado decote ás soberbias decisións do orgulloso pobo castelán, que desde fai séculos vén axexando e loitando pola asimilación –asimilación que sería a morte– de todos os pobos vivos que integran a Península ibérica.

Galiza non ten motivo ningún de recoñecemento nin de gratitude para ningunha das nacionalidades que compoñen o Estado español, excepción feita de Cataluña, senón todo o contrario: pola malfadada obra da castelanización, Galiza, a nosa patria, viuse aberta de par en par á invasión bárbara, rutineira e atrasada das xentes de alén do Bierzo, invasión que, ao afincarse no chan patrio, foi apoderándose da nosa riqueza e facéndose dona do noso patrimonio, alentada por un proteccionismo antigalego, até o extremo de ser unha das orixes da corrente emigratoria que paseniño se foi acentuando. Por aquela –pola castelanización– os sentimentos dominadores, sentimentos habitados a imporse porque si, das xentes da Meseta puideron facer

o seu niño na terra galaica, iniciando as oligarquías caciquís que hoxe ollamos, arrogantes e altivas, cal se fosen as únicas donas do país.

Desde que a personalidade galega deixou de ser tida en conta dentro do concerto de nacionalidades hispánicas, as maiores aldraxes, as máis noxentas calumnias, os máis denigrantes alcumes foron ceibados a oito sobre nós. E non houbo ocasión que se desaproveitase nin circunstancia que se deixase de ter presente, para acentuar coas cores máis pretas o noso rebaixamento e o noso desprestixio. Percorrendo as páxinas dos literatos, dos historiadores, dos homes de ciencia nados nas terras de fala castelá<sup>6</sup>, atópanse a moreas as insidias e as aldraxes ao bo nome de galego; e por tal labor, como froito de tal labor comezado xa hai cinco séculos e aínda non rematado, o noso apelativo foi e vén sendo sinónimo de bárbaro, empregado en ton de alcume e considerado como palabra ofensiva e desprezábel, non só na Península senón tamén nas terras americanas de fala castelá.

E non foron soamente os particulares os que acotío nos alcumaron e calumniaron; ocasión houbo en que as entidades oficiais –lémbrese o caso aquel en que a Xunta Central do Reino chamou a nosa nación, nun número extraordinario da Gaceta do 18 de febreiro do ano 1809, publicado en Sevilla, o que segue: «hija desnaturalizada de la nación, y que se había entregado sin honor a los enemigos, debiendo su nombre ser borrado del libro de la patria» –envorcaron por cima da nosa Galiza o seu desprezo e o seu vituperio.

Mais non foi iso só. As nosas corporacións, os nosos organismos, as entidades nosas levaron, e aínda seguen levando moitas delas, un trato de desigualdade irritante en comparanza co que se lle dá aos doutras nacionalidades, desigualdade que faría pór a máis fonda xenreira no corazón e o máis fervente desexo da vinganza no ánimo se entre os cidadáns galegos non existise a falta tan grande de consciencia que existe, e non houbera un tan brutal atordamento da máis elemental sensibilidade como entre nós hai.

De non ser así, Galiza co seu chan privilexiado, coa súa numerosa poboación, cos seus dotes naturais tan axeitados para poder ser un emporio de progreso e benestar se non atoparía na tristeira situación en que se atopa: case que sen liñas férreas, sen portos, sen escolas axeitadas ás necesidades modernas, desamparada case que por completo, nunha palabra, da obrigatoria acción tutelar do Estado; feita unha colonia, pero unha colonia abandonada e descoidada, do vergoñento centralismo que de nós só se lembra para cobro de gabelas onerosas e de trabucos abafantes e inxustos.

Velaí, por conseguinte, e a grandes trazos, o cadro da nosa situación despois de cinco séculos de tutela e vasalaxe, nos que a nosa vontade se non tivo en conta para nada, e durante os que a vontade allea vén impóndose decote cal se ela soamente existise.

---

<sup>6</sup> [Nota do autor] Isto quizais sexa obxecto dun novo traballo noso.

**Cal é, pois, a arela que hoxe comeza a xurdir entre os galegos escolleitos diante do espectáculo tristeiro dunha patria que cal a nosa, podendo ser progresiva, exemplar, tendo todas as calidades para ser cómodo asento dos seus fillos, non o é, senón todo o contrario?**

A lección dos feitos consumados que acotío vimos ollando de xeito cristalino ben claramente nos mostra o fracaso do réxime unitarista e centralizador, que ignorando, ou aparentando ignorar –quizais isto sexa o verdadeiro–, a existencia das diferentes nacionalidades que constitúen o Estado español pretendeu e aínda segue pretendendo o imposible –oh incapacidade castelanista para a visión da realidade comprobada por tantos fracasos desenvolvidos ao longo dos séculos!– de reducilas a unha soa, moldeadas a imaxe e semellanza de Castela, ou polo menos de medilas a todas polo criterio e co patrón castelán, como se tal cousa non fose un absurdo, tendo en conta as diferenzas radicais que dun xeito tan fondo arredan unhas nacionalidades doutras dentro da Península, e que en certos casos son menores que as que poden establecerse entre pobos axuntados baixo Estados diferentes.

E se este fracaso é unha realidade esmagante que ninguén pode negar, e o segredo del está por completo no empeño decidido que, desde que se fixo a unidade española, pareceu informar os actos todos dos elementos dirixentes, levándoos a ir en contra do imperativo da natureza e, polo mesmo, do que a razón natural e o sentido común aconsellaban nunha península como a nosa, que xa por algún foi chamada, acertadamente, «pequeno continente en miniatura» a causa das diferentes nacionalidades que a compoñen, lóxico é, pois, que para remediar os graves erros que o dito fracaso vén xerando e amontoando decote, se emprendese un camiño contrario ao percorrido até o de agora. E este camiño non será outro, non poderá ser outro que o da reconstitución das diferentes nacionalidades naturais que dentro do Estado español existen, para que elas, donas absolutas da súa liberdade, en pleno aproveitamento das sacras e inalienábeis prerrogativas que lles corresponden como nacionalidades diferentes, verdadeiras e típicas, poidan chegar a constituír a grande Iberia do porvir, o xurdio Estado ou magna Confederación de Estados ceibes que todos os homes de espírito amplo e xeneroso albiscaron con máis ou menos acerto nos seus soños de esperanza; e no que entrando cada nacionalidade por decisión da súa vontade soberana e libre, sen reserva ningunha, ou coas reservas que a súa seguridade estime convenientes, poidan todas elas convivir nunha existencia tranquila, maina, de nobre estímulo para o traballo e para o adianto, sen sentírense endexamais abafadas por ningunha clase de hexemonías.

Por conseguinte, o noso ideal, o ideal que perseguimos os nacionalistas galegos –e igual que o noso ideal para con Galiza, é o dos cataláns, vascos e andaluces con referencia a Cataluña, Vasconia e Andalucía– é, pura e simplemente, o de reconstrución da nosa patria con todo o que a ela lle é inherente, e o de reconquista do seu espírito nas súas múltiples e variadas manifestacións. Polo demais, nin pretendemos hexemonías que non nos cómpren, nin cobizamos imposicións que deshonran. Os nacionalistas galegos só queremos que o que é noso, privativo e que por lei natural nos corresponde, non sexa gobernado



por ninguén máis que por nós mesmos. Para iso sentímonos capacitados de abondo aínda hoxe. E esta capacitación subirá de punto o día en que a tarefa da renacionalización da Galiza sexa un feito. Quere-mos ser amos e señores, nunha palabra, dentro da nosa casa, sen que a menor sombra de intromisión allea poida deslucir a nosa obra. Por conseguilo acharémonos dispostos a cotío á loita, con toda a fereza posíbel, e coa maior intransixencia obraremos decote para cumprilo.

Resumindo, podemos dicir que co noso ideal, por moitos tachado maliciosa ou cegamente de cativoiro e egoísta, perseguimos a realización dunha obra máis ergueita e completa que a que até o momento presente realizaron e seguen realizando os unitaristas e os vivos do patrioteirismo algueireante e barulleiro; perseguimos algo máis grande e xurdio que o que significa o actual Estado español, xa que a nosa arela suprema –oh detractores dos sentimentos nacionalistas tachados de arredistas e destrutores no nome dunha unidade que non existiu endexamais senón dun xeito artificioso e polo mesmo falso!– é a de chegarmos pola converxencia de todas as vontades nacionais hoxe latexantes na Península, e sen presión ningunha sobre elas, pola súa propia conveniencia e espontaneidade, á creación da grande Iberia, admirábel concepción dunha xuntanza de nacións libres, dentro da que todas poderán desenvolver sen trabas a súa potencialidade vital, lonxe de imposicións e de asoballamentos, nunha perfecta convivencia de irmáns.

**Que conclusión transcendental poderíamos deducir os nacionalistas, e moi especialmente os galegos, de todo o devandito ultimamente?**

A de que, unha vez levado a remate o plan que fica exposto –e que tarde máis ou menos terá de se realizar–, se fará imprescindíbel, necesaria e será segura, porque entón terá todos os caracteres de algo lóxico e natural, a entrada da gloriosa irmá Lusitania, do ben amado e endexamais esquecido Portugal, no concerto de pobos libres e soberanos de si mesmos que teñen de formar, nun porvir cegador e máis perto do que moitos coidan, a gran Confederación de nacionalidades da Iberia.

Sen Portugal, ficando Portugal fóra da Iberia das nosas meirandes arelas e das nosas cobizas máis nobres e fondas, a Iberia resultante non sería a nosa Iberia, a da concepción altruísta, magnánima e grande de todos os que hoxe nos desvelamos por axeitar o camiño que nos ten de levar ao triunfo sonado. Sen Portugal as profecías do noso bardo glorioso, que de xeito inimitábel soubo ollar as xornadas claras e radiantes dos días luminosos que lle agardan á raza de Breogán, ficarían irrealizadas. E isto non pode ser porque a iso oponse a seguranza absoluta que dan as palabras pronunciadas por un espírito superior que, ollando claramente o porvir e coñecedor perfecto da gran potencialidade que latexa no íntimo da entraña racial, soubo e puido adiantar feitos que terán de consumarse dun xeito indubidábel...

Por outra parte, a mesma plena liberdade nosa, e coa nosa a de todas as nacionalidades ibéricas, será garantía suprema que terá de decidir sen temor ningún á inesquecível e benquerida irmá Lusitania a non atrasar o seu ingreso na aludida e transcendental xuntanza de

pobos, na que corresponderá á nosa patria o glorioso e alto honor de servir, coa consecución da súa liberación definitiva, de medio decisivo para dar remate a unha das triunfais nupcias de amor que fai xa tempo, de non ser pola cegueira e o afán imperialista de quen non é mester lembrar, se deberían ter realizado.

E agora, cumprido o noso deber, exposto todo o que, hai xa tempo de abondo, bulía dentro de nós, que cada lector reflexione sen préesas, serenamente, sobre as liñas que escritas fican. Mais esta reflexión, para que non sexa infecunda, terá que alongarse até que o lector chegue a se compenetrar ben coa dolorosa realidade que ferindo un corazón patriota, lacerándoo, fixo que o sangue deitado da ferida se trocase ao chegar ao cerebro en ideas e en conceptos, que a guieira pluma soubo converter logo, quizais con pouco xeito máis si con honrada e santa intención, en liñas que ambicionen un grande espallamento e unha maior colleita de convencidos.

E así, posibelmente, os días luminosos das grandes xornadas triunfais que Ramón Cabanillas<sup>7</sup>, o vate glorioso «dos tempos xa chegados», nos profetizou, terán de acaroarse ás carreiras, con velocidades insospeitadas...

*LAUS DEO*

Viveiro (Lugo), 1921

---

7 Ramón Cabanillas (Fefiñáns, 1876-Cambados, 1859). É o grande poeta do Segundo Renacemento da literatura galega, nas primeiras décadas do século xx. Publica o seu primeiro libro en Cuba, onde emigrara en 1910. Retornado, vai incrementar a súa obra até a facer unha das máis fecundas e excelentes da literatura galega. Libros como *Da terra asoballada* (1917) foron auténticos himnos da loita agrarista e, máis tarde, da nacionalista. Xunto con Antón Vilar Ponte comporá *O Mariscal* (1926), magna obra de teatro en verso, dedicada á traxedia da morte de D. Pedro Pardo de Cela. O seu estro poético é moi amplo, pois é autor, así mesmo, de poesía intimista, relixiosa e lendaria-artúrica. Vive o suficiente como para lembrar, en versos inesquecíveis, a morte de Castelao ou para compor homenaxes a vultos relevantes da historia galega. Cabanillas foi poeta total, en expresión de Carballo Calero, en feliz conxunción de mestría métrica, inspiración artística e alto patriotismo.





¡Quen dera ser nao senlleira  
n-aquel mar non presentido  
das ja mergulladas terras!

Sen ceo, sen astros, sen vento,  
sempre â toa pol-as ondas  
deitado no esquecemento,

nin andar nin desandar,  
nin ter outro coido acedo  
que leijarse ir pol-o mar...

¡Quen dera ser nao senlleira!  
Sen fito –estrela nin porto–  
¡ser eu a propia ribeira!

¡Quen dera...!

**Fermín Bouza Brei**  
*Nao senlleira*  
Editorial Nós, 1933



Na memoria de  
Bautista Álvarez

